SARRIAXA

XUÑO - 2026 Nº 62 WWW.SARRIAXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

sarria
A oposición levou ao pleno unha moción conxunta para reclamar a apertura do matadoiro. **Páx. 5**

láncara
A Comisión Local de Seguridade nace co obxectivo de reforzar a coordinación. **Páx. 14**

o páramo
Organizan a edición número 48 das Feiras de Primavera entre os días 5 e 7 de xuño. **Páx. 15**

samos
Celebran o primeiro aniversario da recuperación da súa tradicional feira mensual. **Páx. 16**

paradela
Abre a convocatoria da XXXII edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. **Páx. 19**

A Noite Meiga, no foco

O evento, que se celebra cada ano o último sábado de agosto, vén de conseguir ser declarado Festa de Interese Turístico de Galicia

Unha nova estratexia de IA na provincia

A Deputación de Lugo presenta MencIA: unha nova estratexia de intelixencia artificial propia. **Páx. 11**

Asociacións de Mulleres Rurais da provincia

As mulleres no medio rural galego desempeñan un papel esencial na comunidade. **Páx. 20**

A AC Taekwondo no Open de España 2026

A entidade deportiva volveu do campionato con catro medallas de ouro e cinco de bronce. **Páx. 23**

Sarria, de festa en festa

A vila acollerá entre xuño, xullo e agosto festas e festivais de renome. **Páx. 2 e 3**

O Corpus Christi

A tradicional celebración da confeccción de alfombras florais fai 30 anos. **Páx. 6 e 7**

Olga Iglesias Fontal

A alcaldesa de Triacastela pon en valor o traballo desde o Goberno local. **Páx. 17**

SARRIA

Os eventos que encherán Sarria de festa este verán

Sarria acolle cada verán unha ampla programación de eventos de gran relevancia a nivel comarcal, provincial, autonómico e mesmo nacional e internacional, consolidándose como un dos principais focos culturais do interior de Galicia. Este ano, como sempre, os eventos comezan da man das festas patronais de Sarria, que se celebran antes e despois do San Xoán no mes de xuño, seguida polo Ultreia et Suseia en xullo e o Verbena Fest a finais de xullo e comezos de agosto. Xa en pleno verán destaca o Sarria Blues o segundo fin de semana de agosto e o Ribela Love Nature os días 21 e 22 de agosto, pechando o mes coa Noite Meiga o último sábado de agosto, que vén de acadar a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia.

SAN XOÁN

As festas patronais de Sarria de San Xoán desenvolveranse este ano entre o 23 e o 27 de xuño cunha programación variada que combina tradición, música e lecer.

O inicio das celebracións terá lugar o día 23 coa tradicional Noite do Lume no campo da feira, unha cita que contará coa animación do grupo de música tradicional Eoas. A xornada completarase con actuacións no recinto do campo de rugby do Chanto e os seus arredores, onde tamén soará a música da formación Costa Dorada.

O día 24 será un dos momentos máis agardados, con verbenas protagonizadas por orquestras de referencia como París de Noia e Los Satélites, que encherán de ambiente festivo a vila. A programación musical continuará o 25 de xuño coa presenza de Ráfaga e New York, mentres que o día 26 será a quenda de Charleston Big Band e Trébol, que tomarán o relevo para manter o ritmo das festas. Como broche final, o 27 celebrarase o festival Vibra Xoán no Campo do Río. O evento contará cun cartel encabezado por The Rapants, unha das formacións galegas con maior proxección do panorama actual. A banda subirá ao escenario ás 23:30 horas nun concerto no que repasará os temas que a converteron nun dos grupos máis seguidos do momento. Pero antes, a programación musical arrancará ás 22:00 horas coa actuación de Mrs. Fine. Xa de madrugada, a partir das 01:00 horas, a festa continuará coa sesión de Duendeneta DJ's. Desde a organización destacan que o Vibra Xoán busca converterse nunha noite de referencia dentro das celebracións patronais.

ULTREIA ET SUSEIA

A quinta edición do Festival Ultreia et Suseia celebrarase en Sarria entre os días 14 e 19 de xullo cunha programación aberta e multidisciplinar que volverá converter a vila nun punto de encontro entre cultura galega, participación veciñal e Camiño de Santiago. Baixo o lema "Todo o que somos", esta edición estruturarase arredor de cinco grandes eixos: humor, baile tradicional, historias, artes escénicas e música. O festival volverá apostar pola activación de diferentes espazos da vila e pola implicación das asociacións culturais da comarca na creación de contidos propios, reforzando así o carácter participativo dunha cita construída desde Sarria e para Sarria. No apartado de humor, o festival contará coa presenza dos *influencers* Pepe y Lucas, que presentarán o espectáculo teatral "Dentro y Fuera", no que trasladan ao escenario o seu universo dixital e cómico. A programación completarase con "O Recuncho da Comedia", que reunirá a tres referentes do humor galego actual: Xosé Antonio Touriñán, David Amor e Leti da Taberna.

A danza tradicional volverá ocupar un lugar destacado na programación coa participación de Crearte, Meigas e Trasgos e Peleriños, que desenvolverán obradoiros, accións escénicas e propostas de transmisión da tradición e a participación colectiva.

A palabra, a memoria e a narración oral estarán representadas por figuras como Quico Cadaval, Paula Regueiro, Silvia Mondelo e César No. Nesta liña volverán celebrarse pos "Contos Sonoros" e as "Camiñografías", iniciativas que transformarán as rúas de Sarria en espazos escénicos; así como haberá propostas escénicas da man da Asociación Huhú e de Rebuldeira Teatro.

A música terá un papel central coa participación de artistas como Lisdexia ou Diego Flâneur & Ünder, así como de colectivos como Rúa da Música, Sarricanta, a Banda de Música de Sarria, a Banda de Música da Comarca de Sarria e a Coral Polifónica de Sarria.

Ademais, "A Romaxe do Camiño", reunirá intervencións musicais e participativas en diferentes puntos da vila, mentres que "A Illa do Tempo", é unha creación colectiva na que participarán agrupacións culturais e artistas da comarca.

VERBENA FEST

O Festival Verbena Fest de Sarria celebrará a súa VIII edición o 31 de xullo e o 1 de agosto en O Meigallo e Bar Don Pepe.

Os primeiros confirmados son Portosanto, Cora Yako, Monoulious Dop, e Lumedoloop, proxecto formado por Jamas, Møu e DJ Mil, que chega ao festival cunha proposta intensa, honesta e sen artificios, construída desde a palabra, o ritmo e a actitude.

A Verbena Fest é "moito máis ca un festival; é un espazo de encontro que mestura o espírito das verbenas tradicionais co ritmo e o carácter da música contemporánea, sen perder as raíces locais".

RIBELA LOVE NATURE

O Festival Ribela Love Nature de Sarria celebrarase os próximos 21 e 22 de agosto con 13 artistas e grupos confirmados. No cartel está Or:la, Pariah, Phantom Circuits, Call Super, Catarina Silva, Gala, Legowelt (Zorlok Compressor live), Kosu Nes, Leiras, Oxygeno, Slit Observers, KTDKT e Jor Ginho. Segundo explican, esta V edición sitúase xusto nese punto de encontro entre introspección e expansión, empregando a música como ponte entre o que se sente e o que se vive. Os artistas seleccionados, subliñan, non forman parte do programa por azar, senón porque a súa proposta sonora transita ese limiar entre o íntimo e o colectivo. Algúns conducirán o público cara a unha viaxe interior, mentres outros convidarán a expandirse cara a fóra a través do movemento e a enerxía compartida.

Ribela Love Nature é un proxecto cultural que reinterpreta o contorno rural como un espazo para a exploración musical e cultural, onde a paisaxe e a programación conviven en simbiose. O recinto sitúase na zona de Ribela, xusto ao inicio da Ruta das Aceas, nun entorno natural no que se distribúen as distintas áreas do festival. A zona de acampada, situada xunto ao río Río Sarria, ofrece acceso directo ao contorno natural e prolonga a experiencia máis alá do recinto principal, con espazos diferenciados para a música, o descanso e a circulación do público. Este ano amplíase con novas zonas verdes, duchas e aseos renovados, acceso directo ao río e un camping stage dedicado a actuacións sorpresa e sesións open decks. En total, a capacidade é de 1000 persoas por día. O acceso ao camping estará dispoñible desde o venres 21 ata o domingo 23 de agosto.

SARRIA BLUES

A quinta edición do Sarria Blues no Camiño terá lugar do 6 ao 9 de agosto en Sarria. Tras o éxito das edicións anteriores, o evento regresará cun programa que busca combinar música en directo e actividades culturais para converter a localidade nun punto de encontro para afeccionados e músicos deste estilo musical durante varios días de verán.

NOITE MEIGA

A Noite Meiga, promovida cada ano pola Asociación Meigas e Trasgos, pon o broche final ao verán cun programa que combina música, tradición e actividades para todas as idades. O día principal celébrase o último sábado de agosto, que en 2026 coincide co 29 dese mes, aínda que a programación comezará o día antes, o venres, pensada para o público familiar e infantil, que incluirá unha serie de obradoiros para que os máis pequenos poidan participar na andaina dos fachos polo Malecón do río. Ademais, haberá concertos de música galega, exhibicións de baile tradicional e unha festa gastronómica con empanadas e produtos locais.

O acto central é a tradicional Danza da Noite Meiga, que ten lugar pasada a medianoite do sábado ao domingo, no Lar Social e no Parque do Chanto. Nesta representación participan os bailaríns máis experimentados, xa que escenifican unha historia que mestura baile tradicional galego e danza contemporánea, na que se relata a lenda do amor tráxico entre un mozo e unha meiga. Segundo esta tradición, o rapaz entra no seminario como castigo por namorarse dun ser máxico, mentres a meiga se dirixe ao monte, onde chora ata que as súas bágoas dan orixe ao río Río Sarria. Durante a danza, meigas e trasgos bailan con fachos arredor dunha fogueira, mentres se interpreta un conxuro destinado a afastar os malos augurios e atraer a boa sorte para todo o ano.

Este ano, ademais, a Noite Meiga vén de acadar un fito histórico ao ser declarada **Festa de Interese Turístico de Galicia**, un recoñecemento que culmina un proceso iniciado hai anos pola Asociación Meigas e Trasgos. En 2024, a entidade levou ao pleno municipal a solicitude de recoñecemento, e en 2025 presentou ante a Xunta de Galicia a documentación necesaria para a súa avaliación, co respaldo da súa traxectoria como organizadora durante máis de cinco décadas e da continuidade dunha celebración profundamente enraizada na vila. Desde a organización destacan que a festa transcende o ámbito estritamente festivo para converterse nun dos símbolos máis representativos da "sarrianeidade", formando parte da memoria colectiva de varias xeracións. Ao longo dos anos, a celebración consolidou unha identidade propia baseada na recuperación da tradición popular, na participación cidadá e nunha posta en escena singular arredor do lume, da música e da simboloxía meiga, sendo a andaina dos fachos unha das súas imaxes máis recoñecibles.

A asociación considera que a singularidade, a antigüidade e o forte arraigamento social foron determinantes para a concesión do recoñecemento, que supón un impulso para continuar coa promoción e conservación dun patrimonio cultural que identifica a Sarria dentro e fóra de Galicia.

Ademais, sinalan que este recoñecemento permitirá planificar novas iniciativas no futuro e seguir aumentando a proxección e o atractivo desta celebración.

Pola súa parte, co apoio do Concello de Sarria, exporán unha mostra no antigo cárcere, onde está a oficina de turismo, con obras procedentes das distintas bienais da Noite Meiga e contará ademais cun vídeo divulgativo sobre esta histórica celebración, entre outros contidos.

O V mercado solidario Malicounda Teranga terá lugar o vindeiro 6 de xuño

A ONG sarriá Hospitaleros Sin Fronteras organizará o vindeiro 6 de xuño a quinta edición de Malicounda Teranga, un mercado solidario que volverá converter Sarria nun punto de encontro arredor da solidariedade, a cultura e a convivencia.

A cita desenvolverase na Praza da Vila entre as 12:00 e as 22:00 horas cun amplo programa de actividades culturais, musicais e gastronómicas. O principal obxectivo do evento é recadar fondos para continuar co labor solidario que a asociación desenvolve en Senegal, especialmente coa atención a nenos talibé, aos que proporcionan comida diaria, asistencia médica e, nalgúns casos, escolarización.

Desde a entidade explican que a recollida de fondos tamén permite adquirir e enviar material médico e escolar ao país africano. Integrantes da ONG desprázanse dúas veces ao ano a Senegal para colaborar directamente sobre o terreo, onde ademais contan co apoio permanente de colaboradores locais que traballan de maneira continua cos menores beneficiarios do proxecto.

O programa desta quinta edición de Malicounda Teranga inclúe un mercado de artesanía senegalesa, venda de roupa e cousiñas de segunda man, ademais dunha oferta gastronómica con panceta, chourizos e empanada. Ao longo da xornada tamén haberá sesión vermú, pasarrúas pola vila, espectáculos de humor e maxia vinculados á cultura senegalesa, música en directo e ambiente festivo.

As actividades comezarán ás 12:00 horas cun pasarrúas. Ás 13:00 horas celebrarase a sesión vermú amenizada por Esmorga DJs. Pola tarde, ás 17:00 horas, terá lugar un espectáculo de maxia sobre Senegal a cargo de J. Carrón. A programación musical continuará ás 19:00 horas co concerto de Os Parentes e rematará ás 20:30 horas cunha actuación de versións rock and roll do grupo 7 Rojo.

O evento conta co Concello de Sarria e da Deputación de Lugo.

O XIV Máster Sarria Futbolín celebrarase a finais de outubro

Os organizadores do Máster Sarria Futbolín confirmaron xa as datas de celebración da XIV edición deste torneo, unha cita que cada ano converte Sarria nun dos principais puntos de encontro do futbolín a nivel estatal. O evento desenvolverase os días 30 e 31 de outubro e 1 de novembro no pavillón dos institutos, un espazo que o pasado ano permaneceu cheo durante toda a fin de semana coa instalación de múltiples máquinas de futbolín ao longo da pista, creando un ambiente dinámico tanto para a competición como para o público asistente.

A organización destaca o importante impacto de participación que continúa rexistrando o torneo. Na pasada edición competiron 172 parellas na xornada do sábado e outras 152 o domingo, cifras ás que hai que sumar os centos de visitantes que acudiron ao recinto ao longo da fin de semana, alcanzando arredor de 500 persoas entre participantes e público.

Outro dos aspectos máis salientables da edición anterior foi o incremento da participación feminina, cun total de 19 parellas inscritas, un dato que confirma o crecemento e a diversidade dun campionato que segue ampliando a súa repercusión.

Desde a organización animan xa aos afeccionados a "ir quentando os pulsos" de cara a unha nova edición da competición e avanzan que proximamente darán a coñecer máis detalles sobre o proceso de inscrición e o reparto de premios, que o ano pasado foi de 9.000 euros.

As XIX Xornadas Xurídicas Román García Varela analizarán o futuro da Xustiza

Sarria converterase de novo nun punto de referencia do ámbito xurídico estatal coa celebración das XIX Xornadas Xurídicas Román García Varela, que terán lugar os días 3, 4 e 5 de xuño na Casa da Cultura da localidade. Esta edición estará centrada na análise dos principais desafíos e cambios que atravesa o sistema xudicial actual baixo o lema 'A Xustiza que temos vs. a Xustiza que necesitamos'.

O encontro está organizado polo Concello de Sarria e conta co apoio da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo, ademais de formar parte do programa de Formación Continua do Consello Xeral do Poder Xudicial e ofrecer créditos de extensión universitaria a través da UNED. As sesións poderán seguirse tamén en directo de forma telemática desde o centro de Lugo da UNED.

Ao longo de tres xornadas desenvolveranse mesas redondas e debates con maxistrados/as, xuristas e expertos/as nos que se abordarán cuestións como a xustiza restaurativa, a intelixencia artificial aplicada á tutela xudicial efectiva, o futuro da carreira xudicial ou a implantación dos Tribunais de Instancia. Tamén se analizarán experiencias internacionais como a Fiscalía Europea ou os retos da xustiza administrativa en México, ademais de asuntos sociais e de transformación dixital como a igualdade na xurisdición social, a estranxeiría e o asilo, a litigación en masa, o interese do menor e os efectos da dixitalización no ámbito laboral.

A urxencia da reapertura do matadoiro municipal centrou o pleno

O pleno de Sarria aprobou por unanimidade acometer as reparacións necesarias no matadoiro municipal co obxectivo de proceder á súa reapertura inmediata. O acordo, porén, non fixa prazos concretos para a volta á actividade e mantén abertas as incógnitas sobre o futuro modelo de xestión do servizo.

A iniciativa partiu dos tres grupos da oposición municipal, PP, PSOE e BNG, que consensuaron unha moción tras as reunións mantidas con carniceiros, gandeiros e veciños da comarca. Os colectivos afectados trasladaron aos partidos a necesidade urxente de recuperar o servizo, despois de que un encontro previo co alcalde, Claudio Garrido, e coa concelleira Ceni Valcárcel rematase sen solucións concretas nin compromisos firmes. Por iso, a moción buscaba instar ao goberno local a executar as reparacións necesarias para reabrir as instalacións o antes posible.

O debate desenvolveuse nun pleno seguido por numeroso público, no que a moción reclamaba ao Concello unha aposta decidida por este servizo, acometendo as obras e reparacións precisas para garantir a súa reapertura inmediata e unha xestión municipal "eficiente" que asegure a continuidade da prestación. Os grupos da oposición acusaron ao alcalde e ao seu equipo de goberno de demostrar "con palabras e feitos" a intención de pechar este servizo, lembrando que hai máis dun ano xa se vivira unha situación semellante e que foi a presión social e política a que permitiu a súa reapertura.

O portavoz do BNG, Efrén Castro, foi o primeiro en intervir e asegurou que resulta "imposible" que cada vez que se produce unha avaría no matadoiro esta sexa tan grave que non poida resolverse en menos de 30

días. Na súa opinión, o goberno local utiliza os problemas da maquinaria para "castigar" aos usuarios porque, segundo afirmou, "quérese pechar".

Desde o PSOE, Benjamín Escontrela lembrou o peso do sector gandeiro na comarca e reclamou a reapertura inmediata e a reparación urxente das instalacións. O portavoz socialista advertiu de que a situación "está a causar prexuízos directos ao sector agrogandeiro, cárnico e comercial", obrigando a numerosos profesionais a desprazarse a outros matadoiros, asumir máis custos e afrontar novas dificultades no seu traballo diario.

E asegurou que o problema non responde a unha avaría puntual, senón a unha "falta de compromiso político prolongada no tempo". Ademais, acusou ao alcalde de cuestionar en varias ocasións a continuidade do servizo público, lembrando que o rexedor defendeu a idea de "matadoiro si, xestión pública non", ao considerar que se trata dunha competencia impropia dun Concello.

Na mesma liña pronunciouse a portavoz do PP, Carmen José López, quen asegurou que "custa entender" que as avarías do matadoiro non teñan solución, especialmente cando o Concello contou co apoio da Xunta e da Deputación para afrontar os gastos. Tamén lembrou que falta apenas un ano para as eleccións municipais e advertiu de que un goberno en minoría "non pode comprometer un servizo que funcionou durante tanto tempo".

Pola súa banda, a concelleira responsable do matadoiro, Geni Valcárcel, rexeitou as críticas e asegurou que "nin o pechamos nin temos previsto facelo". Segundo explicou, o peche definitivo foi unha opción, pero o que se valorou foi deixar de prestar o servizo mediante xestión municipal. "Somos os primeiros interesados en que siga aberto", afirmou. Así, detallou que o pasado 30 de marzo deixou de funcionar o box de aturdido de porcino e posteriormente avariouse a peladura de vacún, sumándose outras deficiencias nas instalacións. Segundo indicou, só o equipo de sedación supón un custo de 200.795 euros, sen incluír as obras para a súa instalación.

E o alcalde, Claudio Garrido, insistiu na necesidade dun debate serio sobre o futuro do matadoiro.

Esixen a cobertura dunha praza de Pediatría

Decenas de familias concentráronse diante do centro de saúde de Sarria para reclamar un servizo de Pediatría "axeitado" e denunciar a situación asistencial que atravesa a comarca, marcada pola falta de profesionais e as listas de espera. As familias denuncian demoras de máis dun mes para conseguir cita e alertan dunha forte sobrecarga asistencial, xa que o servizo atende arredor de 2.080 nenos e nenas de ata 14 anos cun único profesional. Tras a xubilación da segunda pediatra da comarca, quedou a praza sen cubrir de maneira estable e obrigando á única facultativa a asumir toda a demanda asistencial de sete concellos: Sarria, Samos, Triacastela, O Incio, Paradela, Láncara e O Páramo.

Esta falta de cobertura obriga a recorrer á sanidade privada ou a desprazarse ata o Hospital Universitario Lucus Augusti, en Lugo, para recibir atención médica. "Tes que pagar un privado ou ir a Lugo, non queda outra", explicou Sara, nai convocante da protesta, quen advertiu ademais das dificultades económicas e loxísticas que isto supón para moitas familias.

Así, tamén levaron a cabo unha recollida de sinaturas, co que conseguiron agrupar 2039 firmas que xa presentaron na delegación da Consellería de Sanidade en Lugo. As familias agardan que estas mobilizacións sirvan para que a Administración sanitaria adopte medidas urxentes que garantan un servizo estable, próximo e continuo.

Pola súa banda, o BNG de Sarria denunciou a situación da atención primaria, que cualifican de "lamentable". O portavoz municipal do BNG, Efrén Castro, asegurou que a situación é "moi grave" e criticou que as familias se vexan obrigadas a recorrer á medicina privada para garantir a atención sanitaria das crianzas. Así, reclamou un servizo de Pediatría "estable e de calidade" para a comarca de Sarria e defendeu as mobilizacións veciñais como resposta á falta de solucións por parte do Sergas. Por iso, levou ao pleno municipal unha moción en defensa da sanidade pública, que foi aprobada por unanimidade cos votos a favor de BNG, PSOE e Camiña Sarria.

Trinta anos de arte efémera e traballo colectivo: o Corpus Christi de Sarria

Veciños, voluntarias, peregrinos e deseñadores sosteñen desde 1996 unha celebración que converte cada ano as rúas de Sarria nun símbolo de unión e creación colectiva

Jessica Fernández

En 1996, a Confraría do Santo Enterro e a Soidade, fundada por Rocío Rodríguez Núñez, decidiu poñer en marcha en Sarria unha tradición que, tres décadas despois, continúa sendo un dos grandes símbolos culturais e visuais da vila: as alfombras florais do Corpus Christi. Para iso, a confraría contactou coa artista e mestra xa xubilada Violeta Bernardo, quen aceptou o reto de deseñar unhas alfombras que acabarían converténdose nunha das imaxes máis recoñecibles de Sarria.

"Liáronme", lembra Violeta Bernardo ao rememorar aquel primeiro ano no que comezaron a traballar coas flores que había. "Fixemos os perfís con flor de toxo amarela e despois coas que iamos atopando, así como con serradura", relata. Aquelas primeiras alfombras naceron literalmente sobre o pavimento das rúas, debuxadas a man e construídas flor a flor grazas á implicación veciñal. Violeta Bernardo reuniu un grupo de nenos para axudar na elaboración das alfombras e entre eles estaba un mozo Hernando Caldeiro, quen anos despois acabaría tomando a remuda á fronte do deseño. "Resultou moi ben", lembra Violeta sobre aquela primeira experiencia, que acabou converténdose nunha responsabilidade que asumiu durante 15 anos consecutivos. As alfombras percorrían daquela o traxecto entre a igrexa do Salvador e Santa Mariña, mentres numerosas familias participaban na preparación de materiais e na decoración das rúas.

A elaboración comezaba moito antes do día do Corpus. As tarefas previas ocupaban semanas enteiras e requirían unha organización case artesanal. Un mes antes cortábanse plantas e flores, especialmente o mirto e a tuia, mentres o serradura se tinguía manualmente con anilinas. "Aí non había máquinas nin nada", lembra. Todo o traballo realizábase de forma manual e colectiva, cunha dedicación constante que implicaba a numerosas mulleres da vila. "Empezamos na Casa do Marqués e despois fomos á igrexa do Rosario; faciamos o que podiamos segundo o tempo", explica a artista.

Para Violeta Bernardo, o deseño das alfombras sempre tivo un compoñente artístico moito máis profundo ca unha simple decoración floral. "Eu tomábao coma se fose unha instalación artística", asegura. "Non é o mesmo facer un debuxo de 30 por 30 ca un debuxo de 9 metros por 6", explica, consciente da complexidade técnica que supón trasladar un bosquexo a superficies de grandes dimensións. Aínda así, insiste en que o verdadeiro valor das alfombras nunca estivo unicamente no deseño. "Isto é un traballo en equipo e canta máis xente participe, moito mellor. Non se lle pode dar o mérito a unha persoa", afirma.

En 2011, Violeta decidiu dar un paso ao lado e Hernando Caldeiro tomou a remuda para encargarse do deseño principal das alfombras florais. Desde entón, e sempre da man da Confraría primeiro e posteriormente, en 2015, do Concello de Sarria, garantiuse a continuidade dunha celebración que xa formaba parte da identidade da vila. Aínda que a confraría deixou de organizar oficialmente as alfombras, moitas das mulleres que participaran durante anos continuaron colaborando dun ou doutro xeito, así como outras voluntarias alfombristas, na súa maioría mulleres, que dedican semanas enteiras a preparar todos os materiais necesarios para o Corpus.

O PROCESO DE CREACIÓN DAS ALFOMBRAS. Hernando Caldeiro explica que o proceso creativo continúa sendo moi similar ao de hai tres décadas. Todo comeza con pequenos bosquexos sobre papel que posteriormente se amplían ata alcanzar as dimensións reais de cada tapiz. "Empezo debuxando en papel pequeno as ideas e despois escáloo a un papel coas dimensións reais que se van poñer na rúa", explica. Unha vez preparados os deseños, os papeis fíxanse sobre o chan e sobre eles colócanse flores, serradura e virutas tinguidas. Tamén se utilizan moldes para calcar con xiz ou mediante moldes de madeira con ocos que despois se enchen con flores, miúdos ou serradura de cores.

Detrás desa espectacular imaxe final existe un complexo traballo de organización que comeza semanas antes, ao que se suma a meteoroloxía e as doazóns florais que chegan durante os días previos. "Dependemos das flores que imos recibindo, entón imos adaptando o deseño que tiñamos planificado. Todo depende do tempo que faga, se chove, se non...", explica Hernando.

ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!



- Odontología estética
- Odontología preventiva
- Endodoncia
- Prótesis
- Odontopediatría
- Ortodoncia
- Implantología oral
- Cirugía oral
- Periodoncia
- Patología de la oclusión

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

CLÍNICA OBRADOIRO DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

Hernando Caldeiro distingue así dúas grandes fases no proceso. A primeira corresponde a toda a loxística previa, un traballo invisible pero fundamental para que o sábado previo ao Corpus poida arrincar a elaboración das alfombras. "Ten que estar todo ben: que os materiais estean cortados, que estean en caixas, que estean distribuídos na rúa, que saiban onde teñen que ir, que as virutas estean tinguidas, os caldeiros, as pas…", enumera. Despois chega o momento de recoller todo o material utilizado, outra tarefa que tamén require coordinación e esforzo colectivo.

A segunda parte é a elaboración das alfombras propiamente dita, unha xornada intensa que obriga a ducias de persoas a pasar horas axeonlladas sobre o chan colocando flores e serraduras. Co paso dos anos, o equipo foi perfeccionando métodos para axilizar o traballo e simplificar algunhas tarefas. Actualmente, por exemplo, as virutas e a serradura tínguense utilizando unha amasadora, unha solución que permite traballar máis rápido ante a redución das doazóns florais.

Con todo este traballo, constrúense as alfombras florais do Corpus de Sarria, que están formadas por tres grandes tapices principais: un situado no adro da igrexa do Salvador, de aproximadamente 6 por 6 metros; outro fronte ao templo, na zona da Fortaleza e as Letras de Sarria, duns 6 por 9 metros; e un terceiro fronte á igrexa de Santa Mariña, de arredor de 5 por 9 metros. A eles súmase a gran alfombra floral da Rúa Maior, dividida en dous treitos de 175 e 75 metros de lonxitude, ambos de 2 metros de ancho. En total, as alfombras cobren unha superficie aproximada de 635 metros cadrados.

A IMPORTANCIA DA PARTICIPACIÓN. A participación cidadá continúa sendo un dos piares esenciais desta tradición. Hernando insiste en que o traballo cambia completamente segundo o número de voluntarios implicados. "Non é o mesmo facer todo iso entre 50 persoas ca entre 100", sinala. Precisamente, un dos aspectos que máis lle preocupa é o descenso de participación nalgúns momentos, aínda que nos últimos anos xurdiu un fenómeno inesperado: a implicación dos peregrinos do Camiño de Santiago. "Aos peregrinos encántalles participar", asegura. Moitos deles, incluso esgotados tras a camiñada, detéñense para colaborar durante un anaco na confección das alfombras. "Hai xente que incluso di que marcha porque se lles pecha o albergue", comenta.

Ademais, para Hernando Caldeiro, o verdadeiro valor do Corpus de Sarria non reside unicamente no resultado visual das alfombras, senón nas relacións humanas que se crean arredor delas. "O máis positivo desta tradición é ter podido relacionarme con xente de xeracións coas que seguramente non coincidiría e coñecer xente de Sarria", afirma. Asegura que o ambiente de unión que se xera durante eses días é o máis especial de toda a experiencia, "incluso a pesar dos momentos complicados que poidan xurdir cando as cousas non saen como estaban previstas".

A motivación de quen participa tampouco ten ningún tipo de compensación económica. "É unha actividade sen ningún tipo de remuneración máis alá da satisfacción persoal", explica Hernando, convencido de que o verdadeiro motor desta tradición segue sendo a ilusión colectiva. Por iso, considera que o día en que desaparezan esas ganas de participar será cando as alfombras corran realmente perigo. "Nestes 30 anos non pasou, sempre saíu adiante, incluso nos anos da pandemia", destaca.

Consciente de que a continuidade depende das novas xeracións, Hernando leva anos incorporando novos deseñadores para garantir a remuda. Entre eles figuran Caterin López, Marcos Martínez, María Beltrán ou Cristina Amil, que colaboraron en distintos anos na elaboración dos deseños. Aínda así, considera que o verdadeiro risco non está tanto en atopar alguén que deseñe as alfombras, como en manter o grupo humano que as fai posibles. "O día que falten esas persoas será o día que non haxa alfombras", advirte, en referencia ás ducias de mulleres que durante semanas preparan materiais e organizan cada detalle da celebración.

Trinta anos despois daquel primeiro Corpus de 1996, Violeta Bernardo volverá este ano colaborar xunto a Hernando Caldeiro no deseño dunha alfombra especial con motivo do aniversario. Será unha obra simbólica, pensada tanto para homenaxear a traxectoria destas tres décadas como para animar a novas persoas a implicarse na tradición.

Para Violeta, o Corpus Christi de Sarria representa moito máis ca unha celebración relixiosa ou artística. "É unha tradición moi bonita, porque lle dá realce ao pobo. É unha maneira de posicionarse no mapa", asegura. Pero, sobre todo, considera que as alfombras florais son unha forma de recuperar algo que, segundo lamenta, se está perdendo na sociedade actual: o sentido de comunidade. "É facer unión durante uns días, traballar ao unísono e achegar todos algo", reflexiona.

Por iso, insiste na necesidade de que máis persoas participen, tanto na preparación previa como na elaboración das alfombras durante a fin de semana do Corpus. "Ese día é duro. Tes que estar todo o día tirada polo chan", comenta. Porén, tamén lembra que precisamente ese esforzo colectivo é o que converte esta tradición en algo especial e atractivo para quen visita a vila.

As alfombras florais do Corpus de Sarria nacen para desaparecer apenas unhas horas despois. Tras días de preparación e unha noite enteira de traballo, a procesión do Corpus atravesa as rúas pisando os tapices florais ata desfacelos por completo. Un arte efémera que dura só un instante, pero que desde hai 30 anos segue deixando unha pegada permanente na memoria colectiva de Sarria.

O IES Xograr Afonso Gómez organiza a terceira ruta cicloturista en familia

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria celebrará o próximo 20 de xuño a terceira edición da súa marcha cicloturista en familia, unha iniciativa que busca fomentar hábitos saudables, o contacto coa natureza e a convivencia entre alumnado e familias a través dunha xornada lúdica sobre dúas rodas.

A ruta desenvolverase maioritariamente por sendeiros e camiños do municipio ata chegar á praia fluvial da Pobra de San Xiao, onde os participantes compartirán un xantar de confraternidade ao remate do percorrido.

A actividade consolídase así como unha das propostas de convivencia máis destacadas do calendario do centro educativo.

A inscrición será gratuíta e poderá realizarse na vicedirección do instituto ata completar as cincuenta prazas dispoñibles, que se asignarán por orde de inscrición. Desde a organización lembran que cada participante deberá acudir acompañado dunha persoa adulta responsable.

Para garantir a seguridade e o bo desenvolvemento da saída, a marcha contará coa colaboración de integrantes do club ciclista local DHGTeam, ademais dun vehículo de apoio que acompañará ao grupo durante todo o itinerario.

O centro educativo subliña tamén a importancia de cumprir as medidas de seguridade establecidas, entre elas o uso obrigatorio do casco. Ademais, o instituto pon a disposición dos asistentes un servizo de préstamo tanto de bicicletas como de cascos para facilitar a participación de todas as persoas interesadas.

Desde o IES Xograr Afonso Gómez animan á comunidade educativa e ás familias a sumarse a unha actividade que combina deporte, ocio saudable e contacto co entorno natural nun ambiente participativo e familiar.

Contan cun novo curso formativo no IES Gregorio Fernández

O IES Gregorio Fernández de Sarria conta cun novo curso centrado na familia profesional de fabricación mecánica, unha iniciativa impulsada pola Xunta de Galicia coa finalidade de reforzar a cualificación laboral nun sector con crecente demanda de persoal especializado.

A programación formativa, na que o Executivo autonómico inviste arredor de 41.000 euros, inclúe un total de 440 horas de formación teórica e práctica na especialidade de Operacións auxiliares de fabricación mecánica. Ao remate, o alumnado poderá optar a un certificado do Sistema de Formación Profesional de nivel 1.

A iniciativa busca proporcionar aos participantes competencias básicas e ferramentas profesionais que favorezan a súa incorporación ao mercado laboral, especialmente nun ámbito industrial que continúa rexistrando unha elevada necesidade de man de obra cualificada na contorna. Esta acción formativa enmárcase no acordo de colaboración existente entre as Consellerías de Emprego, Comercio e Emigración, e de Educación, Ciencia, Universidades e FP, para coordinar programas de formación profesional para o emprego adaptados ás necesidades reais do tecido produtivo local.

Convocada a XXVI edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño

O Concello de Sarria, en colaboración coa Agrupación Cultural Ergueitas, vén de convocar o XXVI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño 2026, un certame literario xa consolidado que busca promover a creación poética en lingua galega.

As obras presentadas deberán estar escritas en galego, ser inéditas e non ter sido premiadas en ningún outro concurso. Establécese unha extensión mínima de 500 versos, e a escolla ortográfica de cada traballo non será obxecto de valoración por parte do xurado. Os orixinais deberán presentarse por cuadriplicado, en tamaño DIN A4 e escritos por unha soa cara, acompañados dun sobre pechado co lema da obra no exterior e cos datos persoais da autora ou autor no interior. O envío realizarase por correo certificado ao Concello de Sarria, na rúa Maior 14, e o prazo de presentación permanecerá aberto ata o 22 de xuño de 2026.

O premio estará dotado cun único galardón indivisible de 6.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xurado poderá declarar deserto o certame se considera que as obras non alcanzan a calidade mínima esixida.

O fallo será emitido antes do 8 de novembro de 2026 e corresponderá a un xurado formado por persoas de prestixio no ámbito da creación e da crítica literaria. A organización destaca que a obra premiada será publicada en primeira edición pola Editorial Espiral Maior, mentres que os traballos non premiados non serán devoltos e serán destruídos unha vez resolto o certame.

SARRIA,
unha comarca con sabor

O MIRALLOS
Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)
Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN
MAESTROS DE LA PARRILLA
a.reboleira.restaurante
San Martín de Río Lancara
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Tell. 982 546 063
Casa de Aira Padrón
CASA de AIRA PADRON

982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)
A Pulperia Do Luis

RIO LOYO
Restaurante

Mesón O Castro
Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar
Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697

Pontenova
mesón restaurante
Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza
Tel.: 982 546 003
Catering_meson_a_pontenova
Meson pontenova

A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE
Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

Adif inviste 3,5 millóns para eliminar catro pasos a nivel en Sarria

Adif vén de adxudicar por preto de 3,5 millóns de euros ás obras destinadas á supresión de catro pasos a nivel no municipio de Sarria, dous deles situados en pleno percorrido do Camiño de Santiago. A actuación foi contratada á empresa Extraco Construcciones e Proxectos SA despois dun proceso ao que concorreron seis ofertas.

Os traballos afectarán distintos puntos da liña ferroviaria Palencia-A Coruña e teñen como principal obxectivo reforzar a seguridade tanto do tráfico ferroviario como das persoas peóns e condutoras que utilizan estes cruzamentos habitualmente. O prazo previsto para a execución das obras será de doce meses.

Un dos pasos máis significativos atópase á saída do núcleo urbano de Sarria, tras a Ponte da Áspera, no punto quilométrico 395,420, por onde transcorre unha variante da ruta xacobea cara a Maside. Alí proxéctase a construción dunha pasarela peonil metálica, de 2,3 metros de ancho, accesible mediante ramplas, que garantirá a seguridade das persoas camiñantes, especialmente das que teñen mobilidade reducida.

O segundo paso no Camiño está no punto 394,849, no trazado principal en dirección a Barbadelo. Neste caso, substituirase por un paso inferior de 21,6 metros de lonxitude e 8 metros de ancho, que incluirá beirarrúa de tres metros, calzada para vehículos de catro e cuneta lateral dun metro. A actuación neste punto supón case 1,7 millóns do orzamento total, sendo unha das intervencións máis custosas do plan.

Segundo o documento técnico, o novo paso inferior implicará rebaixar os camiños actuais para acadar os 4,5 metros de gálibo baixo a vía, mantendo a conexión tanto co Camiño de Santiago coma coa LU-633, que une Sarria con Portomarín. Para evitar cortes durante as obras, proporanse trazados alternativos para os peregrinos.

As actuacións completaranse con dúas intervencións adicionais nas parroquias de Barbadelo e Albán. No punto quilométrico 393,993 eliminarase o cruce existente e habilitarase un paso superior situado a uns 265 metros ao sur.

Ademais, acondicionarase un camiño xa existente no lado leste da vía e crearase unha nova pista paralela no lado oeste para manter a conexión entre ambas marxes.

No caso de Albán, no punto quilométrico 393,072, a actuación busca garantir o acceso ás parcelas agrarias da zona unha vez pechado o paso actual. Para iso, executarase un novo camiño de máis de 330 metros de lonxitude que permitirá manter a comunicación coas leiras afectadas.

Con estas actuacións, Adif continúa avanzando no seu plan de eliminación de pasos a nivel en distintos puntos da rede ferroviaria co obxectivo de incrementar a seguridade e mellorar a integración das infraestruturas ferroviarias nos núcleos urbanos e rurais.

Sarria acolle a mostra fotográfica "A lingua do futuro" de Alba Díaz

A explanada da piscina cuberta municipal de Sarria acolle a mostra fotográfica "A lingua do futuro. O futuro da lingua", unha exposición da fotógrafa e mestra Alba Díaz composta por unha vintena de retratos en branco e negro que buscan convidar á reflexión arredor do uso do galego nun contexto marcado pola perda progresiva de falantes.

A autora centra o seu traballo en nenos e nenas de xeracións que medran neste escenario de deterioro lingüístico, pero que continúan empregando maioritariamente a súa lingua materna. As imaxes amosan retratos en primeiro plano nos que as persoas protagonistas miran directamente ao público, acompañadas de elementos simbólicos vinculados á cultura galega e ao idioma, con referencias a cantantes, músicas ou escritoras e escritores que destacan polo uso do galego, ademais de palabras relacionadas cos afectos, a flora, a fauna ou os fenómenos atmosféricos.

A exposición, instalada a pé de rúa, reforza o seu carácter divulgativo e accesible, co obxectivo de chegar ao maior número de persoas posible e favorecer a súa difusión entre a cidadanía, especialmente entre as xeracións máis novas.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, destacou a necesidade de "interpelar ás xeracións máis novas para frear a perda de falantes". Ademais, sinalou que "lanzar esta mensaxe desde a rúa, en espazos informais e de socialización, como fai esta exposición, é unha oportunidade para conectar con esas novas xeracións".

A exposición, promovida pola Vicepresidencia da Deputación e pola Rede Museística Provincial de Lugo, permanecerá aberta ao público ata mediados de xuño.

O PP pide mellorar as infraestruturas rurais en Fontao de Arriba

O Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria pediu á Corporación municipal impulsar melloras nas infraestruturas rurais da contorna rural de Fontao de Arriba, tras un encontro mantido coa veciñanza da zona.

A proposta que se levou a pleno e que foi aprobada por unanimidade quería dar resposta aos problemas de conservación dos camiños, así como ás deficiencias na drenaxe e na evacuación de augas que están a afectar ás vías públicas deste ámbito.

Segundo explicaron, Fontao de Arriba presenta na actualidade un estado de deterioro especialmente grave nos camiños municipais. A deficiente canalización das augas pluviais e a ausencia dun sistema de drenaxe adecuado provocan que, durante os episodios de choiva, se produza unha acumulación e estancamento da auga sobre a calzada e nas marxes das vías. Esta situación contribúe ao debilitamento progresivo do firme e mesmo á perda do pavimento en determinados puntos, afectando de maneira directa á mobilidade dos veciños que empregan estes accesos para chegar ás súas vivendas e propiedades.

O Concello organiza unha nova edición da ludoteca de verán

A ludoteca de verán do programa Sarria Concilia é un recurso de lecer e tempo libre dirixido a menores de educación infantil e primaria que, baixo o nome "Ondas de cambio", busca facilitar a conciliación familiar e laboral das familias . O programa desenvolverase do 1 de xullo ao 31 de agosto nas instalacións do CEIP Frei Luís de Granada e do IES Gregorio Fernández, e estará dirixido a empadroados no Concello nados entre 2017 e 2022. Contará cun servizo de madrugadores de 7.30 a 9.30 horas, a ludoteca "Ondas de cambio" de 9.30 a 14.00 horas, e un de garda e custodia de 14.00 a 15.30 horas.

DEPUTACIÓN

Nace MencIA, a estratexia de intelixencia artificial para modernizar a Deputación

A Deputación vén de presentar MencIA: unha estratexia propia de intelixencia artificial para os vindeiros anos (2026- 2030). “Xa está aquí. A intelixencia artificial vai transformar a maneira de traballar das institucións, e nós tiñamos claro que a Deputación de Lugo non podía quedar esperando a ver que facían os demais”, sostivo a presidenta da entidade provincial, Carmela López.

MencIA nace “da idea de que a innovación tecnolóxica tamén ten que servir para reforzar os servizos públicos e para acompañar aos concellos máis pequenos nun proceso que, moitas veces, sería imposible afrontar en solitario”.

Nese sentido, Carmela López especificou que a provincia de Lugo conta con 67 concellos, 66 deles están por debaixo dos 20.000 habitantes; “o que significa que falar aquí de intelixencia artificial é falar tamén de cohesión territorial e de igualdade de oportunidades”.

Por iso, o obxectivo é conseguir que a transformación dixital non agrande a distancia entre territorios, senón que a reduza. “Lograrémolo a través dun modelo propio, feito pola Deputación, baseado en código aberto e pensado para servir mellor aos nosos veciños e veciñas.

Un modelo no que a supervisión humana segue sendo fundamental, no que os datos permanecen baixo control institucional e no que a transparencia forma parte do propio deseño da estratexia”.

Así, López sostén que “tiñamos que prepararnos, pero facéndoo ao noso xeito: desde o público, con garantías, con control sobre os datos e pensando na realidade concreta desta provincia”.

Por outra banda, desde a Deputación de Lugo faise unha aposta clara pola defensa da lingua e iso tamén se ve reflectido nesta nova iniciativa. Tal e como subliñou a presidenta, “o uso do galego era algo irrenunciable, porque a nosa lingua ten que estar tamén nos espazos onde se vai construír o futuro”.

MENCIA, TECNICAMENTE. Lévase a cabo unha estratexia estruturada en catro piares: gobernanza e cumprimento, que fixa os principios reitores, os órganos de goberno e os mecanismos de control normativo; transformación dixital interna, que ten o seu núcleo no Laboratorio MencIA e na transformación da eficiencia dos servizos provinciais; IA ao servizo dos municipios, que materializa a competencia de asistencia aos concellos; e ecosistema territorial e innovación, que articula a colaboración co tecido institucional, universitario e empresarial galego. MencIA será posible a través de dous eixos operativos, un interno, que será o propio Laboratorio MencIA e un eixo territorial conformado polo Centro de innovación Territorial (CIT) da provincia de Lugo. Así, Laboratorio MencIA é a infraestrutura tecnolóxica da Deputación para o desenvolvemento e despregamento de sistemas de IA de código aberto; e articúlase en tres compoñentes: Un motor, a infraestrutura tecnolóxica que executa os modelos de IA; unhas mans, as aplicacións e asistentes que permiten interactuar co sistema; e un cerebro, o sistema que conecta todos os elementos para que funcionen de maneira coordinada.

Laboratorio MencIA contará ademais con diferentes aplicacións que permitirán, nun máximo de tres interaccións, realizar tarefas mecánicas e complexas en moito menos tempo, facilitando o labor dos traballadores e traballadoras, para que poidan dedicarse a aquelas cuestións de alto valor.

Entre algunhas das aplicacións está un resumidor de documentos, un extractor de texto, transcritor de audio, un monitor de edictos do BOE, un xestor intelixente do correo electrónico, un almacén de instrucións, unha calculadora de prazos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, ou un analizador de convocatorias de axudas e subvencións.

Contará tamén cos chamados asistentes, ‘chatbots’ especializados cos que o usuario interacta mediante conversación natural, que serán adestrados con instrucións de sistema específico e unha base de coñecemento pechada: non accede a Internet nin a información fóra do seu ámbito asignado.

Con todo, MencIA terá un horizonte de implantación de catro anos, que comezará coa posta en produción das oito aplicacións e nove asistentes e a aprobación da estratexia no Pleno. No segundo semestre do 2026 e comezos do 2027 está prevista a constitución do Comité de Gobernanza e os primeiros pilotos. Está previsto que o despregamento interno completo se produza entre o 2027 e o 2028; e de cara ao final dos catro anos este novo ecosistema estea consolidado.

Abriuse o prazo para os Premios á Excelencia do Turismo e da Gastronomía

Abriuse o prazo para presentar candidaturas á sétima edición dos Premios que recoñecen a Excelencia do Turismo e da Gastronomía da provincia de Lugo impulsados pola institución provincial. O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou este martes, 19 de maio, as bases e a información da convocatoria deste ano que busca recoñecer dun xeito honorífico o labor de persoas; entidades públicas e privadas; así como actividades e proxectos que destacan pola súa contribución ao desenvolvemento turístico, á innovación, á sustentabilidade e á posta en valor da gastronomía lucense.

O prazo para participar estará aberto ata o 20 de xuño e as candidaturas deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica. Poderán optar aos premios persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional. Os galardóns inclúen tres categorías.

O Premio Lugo Cambia ao Turismo Lucense, que recoñece iniciativas que promovan de maneira destacada o turismo na provincia.

Premio Turismo Sostible está dirixido a proxectos exemplares por fomentar un modelo turístico respectuoso co medio ambiente e a identidade local.

E o Premio ...E para comer, Lugo á Gastronomía está centrado na posta en valor da calidade e singularidade da oferta gastronómica da provincia.

COMARCA

A Festa Correlingua 2026 puxo en valor a defensa da lingua galega

Lugo converteuse no escenario da 26ª edición do Correlingua 2026 coa celebración dunha nova Festa Correlingua, que reuniu alumnado de distintos puntos da provincia nunha xornada festiva e reivindicativa a prol do uso da lingua galega.

A iniciativa, que percorreu Galicia ao longo do mes de maio, combinou unha vez máis a defensa activa do idioma coa música, a convivencia entre estudantes e a promoción do galego entre a mocidade. Nesta edición, a campaña puxo o foco no fortalecemento do sentimento de identidade e pertenza arredor da lingua propia de Galicia.

Na cita participaron quince centros educativos procedentes de localidades como Lugo, Sarria, Meira, Guitiriz, Monterroso, Quiroga e Navia de Suarna. A programación desenvolveuse na Praza de Santa María e contou coa participación da actriz galega Isabel Risco como encargada da condución do acto.

A xornada arrancou coa tradicional marcha pola lingua, que percorreu varias rúas do centro histórico da cidade e un tramo da Muralla antes de regresar novamente á Praza de Santa María. A continuación tivo lugar a lectura do manifesto elaborado polo alumnado participante, así como diferentes intervencións institucionais.

O apartado musical estivo protagonizado polo grupo Sniff & Crash, que puxo o peche á celebración cun concerto dirixido especialmente ao público estudantil.

Entre os centros participantes atopáronse institutos e colexios de distintas comarcas lucenses, entre eles o IES Lucus Augusti, o IES Muralla Romana, o IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, o IES Pedregal de Irimia de Meira e o IES de Monterroso.

O Correlingua consolidouse como unha das principais iniciativas de dinamización lingüística no ámbito escolar galego, promovendo a participación xuvenil, a cultura e a defensa do idioma galego a través de actividades lúdicas e educativas.

Olga Iglesias preside a Asociación de Municipios do Camiño de Santiago

A alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, foi proclamada como nova presidenta da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago (AMCS) durante a celebración da XI Asemblea Xeral da entidade, desenvolvida no Salón da Alhóndiga de Santo Domingo da Calzada. O encontro reuniu alcaldes e representantes municipais das comunidades autónomas polas que transcorre o Camiño Francés: Aragón, Navarra, A Rioxa, Castela e León e Galicia.

A nova Xunta Directiva incorpora representación territorial das cinco comunidades do itinerario xacobeo e contará tamén coa presenza do alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada, que exercerá como vogal. Completan a executiva Cristina Ayala Santamaría, alcaldesa de Burgos, como vicepresidenta primeira; Mario Córdoba Martins, alcalde de Undués de Lerda, como vicepresidente segundo; Yolanda González García, alcaldesa de Viana, que continuará como secretaria; e Ricardo Velasco García, alcalde de Ventosa, como tesoureiro.

A asemblea serviu para facer balance do traballo desenvolvido desde a anterior reunión celebrada en O Pino e para definir as principais liñas de actuación do período 2026-2027. Durante a súa intervención, Olga Iglesias agradeceu a confianza depositada pola asemblea e expresou a súa intención de continuar reforzando a cooperación entre municipios e consolidando o papel da AMCS como entidade de referencia na xestión, promoción e defensa do Camiño de Santiago Francés.

OS PROXECTOS DA ASOCIACIÓN

Entre os proxectos destacados pola asociación figura o desenvolvemento de estudos sobre o impacto económico, social e ambiental do Camiño Francés impulsados xunto á Secretaría de Estado de Turismo, así como o proxecto "Huellas y Estrellas", centrado no valor cultural e patrimonial da ruta xacobea como elemento de cohesión territorial e revitalización rural.

Tamén avanzan iniciativas europeas como ULTREIA SUDOE, orientada á valorización dos recursos culturais e naturais dos camiños xacobeos do sudoeste europeo, ou o proxecto transfronteirizo "Volver al Camino", destinado á recuperación da histórica Vía de Arles e a súa conexión co Camiño Francés a través do corredor pirenaico de Somport.

A entidade mantén ademais programas vinculados á participación cidadá e á creación cultural, como "Trazas Vivas", que implica artistas e veciñanza en procesos creativos ligados ao territorio, e iniciativas internacionais como CAMICE, que conecta o Camiño de Santiago de Bohemia Oriental, na República Checa, co Camiño Francés en España.

No ámbito xuvenil, a AMCS continuará impulsando o programa University Walking Community, centrado no voluntariado universitario, a sensibilización patrimonial e o compromiso da mocidade coa conservación do Camiño.

A folla de ruta presentada para o bienio 2026-2027 aposta por reforzar a atención aos municipios socios, captar novos recursos, fortalecer a cooperación territorial e preparar o posicionamento institucional da asociación ante o Ano Santo Xacobeo 2027.

A Xunta adxudica por 37,7 millóns o último treito da AG-22

Adxudicadas as obras do e último tramo da autovía AG-22, que conectará Lugo e Sarria, cun investimento de 37,7 millóns de euros. O contrato permitirá acometer o desdobramento do tramo entre Nadela e A Pobra de San Xiao, cun prazo de execución previsto de 36 meses. A intervención desenvolverase ao longo de 13,5 km, desde a glorieta de Nadela ata a Pobra de San Xiao. Así, levaranse a cabo os enlaces do Corgo e Maceda, un cruzamento inferior baixo a autovía A-54, a construción de dous viadutos sobre os ríos Chamoso e Neira, e a ampliación de 13 pasos superiores e sete inferiores.

Abren as inscricións para unha nova edición da Bike Marathon

Xa está aberto o prazo de inscricións para a Quiroga Bike Marathon 2026, unha das probas de MTB de referencia no sur da provincia de Lugo que celebrará a súa nova edición o próximo 19 de setembro de 2026.

A competición volverá reunir centos de participantes procedentes da comarca da Ribeira Sacra, da comarca de Sarria, doutras zonas da provincia de Lugo e tamén de distintos puntos de Galicia e do exterior, consolidándose como unha cita destacada para os amantes do ciclismo de montaña.

O evento desenvolverase no entorno do Xeoparque Montañas do Courel, un espazo natural de gran valor paisaxístico no que os corredores poderán gozar dun percorrido deseñado para vivir o MTB en estado puro, combinando deporte, natureza e tramos técnicos.

A organización propón dúas modalidades adaptadas a diferentes niveis de experiencia e preparación física.

Por unha banda, a Bike Marathon, cun percorrido de 45 quilómetros e 1300 metros de desnivel positivo, e por outra a Bike Extreme, de 65 quilómetros e 2300 metros de desnivel positivo.

Ambos os trazados atravesarán sendeiros e paisaxes representativas do Concello de Quiroga, con descensos, zonas rápidas e tramos máis esixentes.

A proba poderá disputarse de forma individual ou por parellas e non será necesaria licenza federativa para participar. Ademais, a inscrición incluirá servizos como bolsa do corredor, seguro deportivo e cronometraxe con chip.

A VI Ruta Castrexa de Mototurismo percorrerá 12 concellos o 13 de xuño

A Xunta de Galicia apoia a sexta edición da Ruta Castrexa de Mototurismo organizada pola Asociación Motorista Lucense, que se celebrará o 13 de xuño e discorrerá por 12 concellos da provincia de Lugo.

Na antesala do Xacobeo 2027, a ruta concede este ano un protagonismo especial aos municipios atravesados polos Camiños Francés, Norte e Primitivo, que representan a maior parte do percorrido proposto.

En total, a ruta suma arredor de 450 quilómetros e atravesa os concellos de Lugo, Abadín, Trabada, Ribadeo, A Ribeira de Piquín, A Pastoriza, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes, Pedrafita do Cebreiro, Sarria e Portomarín.

Establécense ao redor dunha vintena de puntos de control e o percorrido está calculado para unha velocidade media de 50 quilómetros por hora.

A saída terá lugar na praza da Mosqueira ás 10:00 horas e a chegada ao Pazo de Feiras e Congresos está prevista ata as 20:00 horas.

Os detalles da xornada déronse a coñecer nun acto celebrado na Delegación Territorial de Lugo, no que participaron o delegado territorial, Javier Arias, o presidente da entidade promotora, José Aurelio Novoa, e o presidente da Federación Galega de Motociclismo, José Canda, entre outros asistentes.

Javier Arias destacou o valor desta iniciativa, integrada no Campionato Galego de Mototurismo, subliñando que “suma deporte e cultura, contribuíndo á difusión do patrimonio natural e monumental da provincia”.

Ao tratarse dunha actividade non competitiva, cada participante poderá elixir o itinerario concreto polas estradas que mellor lle conveñan.

Neste sentido, tanto a Asociación Motorista Lucense como as institucións participantes coincidiron en salientar a importancia de consolidar a Ruta Castrexa de Mototurismo como unha cita de referencia dentro do calendario deportivo e turístico galego.

Inauguran un espazo de promoción de produtos e servizos para peregrinos

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, inaugurou no punto de Información do Camiño en O Cebreiro a Parada do Camiño, un espazo físico de información e promoción de produtos e servizos locais das áreas de influencia de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela e Samos, no marco do proxecto europeo de cooperación transnacional Ultreia_Sudoe, no que participan, ademais de Galicia, diferentes territorios de España, Portugal e Francia integrados na Federación Europea dos Camiños de Santiago.

Trátase dunha iniciativa coa que permitirá afondar “no desenvolvemento socioeconómico das contornas rurais xacobeas, poñendo en valor o local e fomentando a promoción dos produtos e servizos galegos entre os turistas pero tamén entre os, cada vez máis numerosos peregrinos chegados de diferentes partes do mundo”. De feito, as Paradas no Camiño funcionan como escaparates físicos que achegan a peregrinos, turistas e visitantes a oferta artesanal, agroalimentaria e cultural dos territorios atravesados polos Camiños de Santiago.

Así, ademais da do Cebreiro, instalaranse paradas similares nos territorios do resto de socios do proxecto europeo en Vilapouca de Aguiar (Portugal), Belorado (Castela e León), Lamasón (Cantabria) e Eauze, no departamento do Gers, en Occitanie (Francia).

Ademais das Paradas, o programa inclúe a constitución de Hubs de Dinamización Local, compostos por representantes de entidades públicas e privadas dos municipios implicados, e actuacións de dixitalización mediante a instalación de sistemas automatizados de reconto de afluencia de visitantes que garanten a privacidade das persoas.

O director de Turismo de Galicia destacou tamén o enfoque inclusivo da iniciativa xa quese traballa para que o Camiño sexa de todos e para todos. Por iso, este proxecto "incorpora criterios de accesibilidade e inclusividade que garantan un turismo respectuoso, consciente e auténtico, xerano un desenvolvemento económico e social sostible para as comunidades locais".

A Asociación Val de Láncara organiza actividades este verán

A Asociación Cultural Val de Láncara xa traballa na organización da súa programación de verán. A primeira das citas terá lugar o 23 de xuño coa celebración do Lume Novo, unha actividade vinculada ao San Xoán. Esa mesma xornada, durante a tarde, desenvolverase tamén a Festa do Neno, unha iniciativa destinada aos máis pequenos para celebrar o remate do curso escolar, incluíndo inchables na contorna do río.

Por outra banda, en xullo e agosto a asociación organizará varias sesións de cine de verán ao aire libre dirixidas a todos os públicos.

E o 9 de agosto terá lugar a celebración da tradicional Festa da Malla, un dos eventos máis emblemáticos da asociación. Durante a xornada realizarase unha representación do proceso tradicional de separación do gran de trigo da palla, unha demostración que permite divulgar e conservar os traballos agrícolas de outrora. A festa completarase cun programa de actividades que incluirá exposicións de artesanía, maquinaria e vehículos antigos, así como mostras gastronómicas.

Ademais, a música tradicional terá un papel destacado coa celebración dunha Foliada na que participarán distintos grupos de música tradicional, convertendo a cita nun encontro de cultura popular galega.

A CIG denuncia a falta de cobertura do posto de conserxe no colexio da Pobra

A Confederación Intersindical Galega (CIG) convocou unha concentración diante do CPI Ramón Piñeiro en protesta pola falta de cobertura do posto de conserxe do centro.

Segundo denuncia o sindicato, o Concello de Láncara non está a asumir as súas responsabilidades ao non substituír a persoa que ocupa esta praza, que se atopa de baixa médica desde o pasado 25 de marzo. Tras máis de dous meses, o posto continúa sen ser cuberto, o que está a xerar dificultades no funcionamento diario do centro. O CPI Ramón Piñeiro conta unicamente cun posto de auxiliar administrativo e outro de conserxe, sendo este último o único achegado polo Concello ao colexio.

A baixa prolongada desta persoa obrigou ao equipo directivo e ao persoal administrativo a asumir tamén estas funcións, especialmente nun momento do curso con maior carga de traballo debido a exames, avaliacións, matrícula e actividades de fin de curso.

Hai aproximadamente un mes, o equipo directivo do centro solicitou ao Concello a cobertura urxente da praza, unha petición á que tamén se sumou unha asociación de nais e pais do alumnado.

Segundo explica a CIG, ningunha destas solicitudes recibiu resposta.

O Concello de Láncara constitúe a súa Comisión Local de Seguridade

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, e o alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, presidiron a constitución oficial da Comisión Local de Seguridade do municipio, un órgano que nace co obxectivo de reforzar a coordinación entre administracións e corpos de seguridade na análise da situación da seguridade cidadá e na mellora da colaboración institucional. Durante a reunión analizáronse os principais indicadores de seguridade do concello, que reflicten unha evolución favorable. Segundo os datos expostos, a taxa de criminalidade en Láncara situouse no ano 2025 no 12,05 %, unha cifra que se mantén por debaixo das medias rexistradas tanto na provincia de Lugo como en Galicia e no conxunto do Estado. Ademais, os rexistros apuntan a unha diminución dos feitos delituosos respecto ao exercicio anterior, consolidando unha tendencia de mellora.

No encontro tamén se destacou o labor preventivo da Garda Civil no municipio a través do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade escolar. Neste marco, ao longo do curso 2025/2026 impartíronse 14 actividades formativas nos centros educativos de Láncara, centradas no acoso escolar, o ciberacoso, as adiccións, a violencia de xénero, os delitos de odio e a seguridade viaria.

A constitución desta comisión supón a creación dun espazo estable de cooperación institucional co que se pretende avanzar na prevención da delincuencia, reforzar a protección da cidadanía e mellorar a convivencia no municipio de Láncara.

Os veciños de Cedrón celebrarán a Festa de San Antonio o vindeiro 13 de xuño

A Asociación de Veciños de Cedrón celebrará o sábado 13 de xuño a tradicional Festa de San Antonio cunha xornada festiva que combinará gastronomía, convivencia e música en directo na Ponte de Saa.

O programa dará comezo ás 20.30 horas cun tardeo pensado para reunir aos asistentes antes da cea popular, prevista para as 21.30 horas.

A organización confirmou ademais a instalación dunha carpa para garantir o desenvolvemento da festa.

O menú da cea estará composto por paella, lacón asado, sobremesa, café, queimada e melindres. As entradas poderán adquirirse ata o 7 de xuño nos puntos de venda habilitados pola organización.

O prezo será de 25 euros para socios e de 35 euros para non socios, mentres que os menores de 12 anos poderán asistir de balde.

A noite rematará coa actuación musical do Dúo Calú, encargado de poñer ritmo á celebración organizada pola Asociación de Veciños de Cedrón coa colaboración do Concello de Láncara.

As Feiras de Primavera do Páramo celebran a súa 48 edición

A Asociación de Amigos do Campo da Feira, coa colaboración do Concello do O Páramo, organizará entre os días 5 e 7 de xuño a edición número 48 das Feiras de Primavera, unha das citas tradicionais máis destacadas do calendario festivo e gandeiro da comarca.

Esta cita anual, que se mantén viva desde mediados dos anos 70, ofrece un programa variado que mestura tradición, cultura, música e produto local, converténdose nun punto de encontro para veciños e visitantes.

Durante os tres días da feira manterase aberta a exposición permanente de maquinaria agrícola, artesanía e pintura, así como unha variada oferta gastronómica con postos de polbeiros e outros produtos alimentarios típicos da zona.

A gastronomía será un dos piares fundamentais da festa, complementada con actuacións de grupos folclóricos e pasarrúas que animarán as rúas con música tradicional durante o día e verbena pola noite.

A programación arrancará o día 5 coa inauguración oficial por parte das autoridades e co pregón do escritor Raúl Taboada, autor dunha muiñeira dedicada á súa terra natal, O Páramo. O acto celebrarase ás 14.00 horas no campo da feira. Durante esa primeira xornada tamén haberá actuacións de grupos folclóricos, verbena con orquestra e a apertura dos postos de artesanía, que permanecerán durante toda a fin de semana xunto coa mostra de traballos da asociación de mulleres do municipio e a exposición de maquinaria agrícola.

O día 6 estará dedicado ao gando vacún. Ás 12.00 horas celebrarase unha poxa organizada por Africor Lugo. Na pasada edición vendéronse 15 reses, unha delas por 4.350 euros. A xornada incluirá tamén un concurso de gando, coa entrega de premios ás 17.00 horas, e continuará cunha nova actuación musical.

As celebracións rematarán o día 7 cos cabalos como protagonistas. O programa inclúe un espectáculo ecuestre ás 12.00 horas e, ás 18.00 horas, unha exhibición de doma a cargo da Hípica Zahorí.

Desde a organización destacan a importancia destas feiras como punto de encontro para o rural e como un escaparate da actividade gandeira, cultural e social do municipio. Ademais, subliñan o papel que desempeñan para dinamizar a comarca de Sarria, a provincia de Lugo e o conxunto de Galicia, mantendo viva unha tradición con forte arraigamento no territorio.

O alcalde do Páramo presentou a súa renuncia como concelleiro

O alcalde de O Páramo, o popular José Luis López, formalizou a súa renuncia ao cargo de concelleiro, unha decisión que se fixo oficial nunha reunión extraordinaria celebrada o 28 de maio. Trátase dun movemento administrativo relevante nun mandato no que o rexedor leva máis dun ano apartado da actividade diaria por motivos de saúde.

A súa baixa médica prolongada fixo que as funcións de goberno recaesen de maneira efectiva no primeiro tenente de alcalde, Benjamín García, que asumiu a xestión municipal no día a día e que, segundo as previsións, continuará á fronte do Concello ata o final do mandato.

José Luis López entrou na política municipal en 2019 como cabeza de lista da agrupación independente Todo polo Páramo, coa que logrou 432 votos e catro actas de concelleiro. Aquel resultado permitiulle articular un acordo de goberno co único representante socialista na corporación, provocando así un cambio político tras máis de tres décadas de hexemonía do Partido Popular no municipio.

O escenario político mudou de maneira significativa nas eleccións de 2023, cando López decidiu incorporarse ao PP. Baixo esta nova marca e cunha candidatura de integración que combinaba membros de Todo polo Páramo e do propio Partido Popular, acadou 543 votos e seis concelleiros, o que lle outorgou a maioría absoluta.

Aquela reconfiguración electoral non estivo exenta de tensións internas. O exalcalde Gumersindo Rodríguez Liz distanciouse do proxecto e encabezou unha lista independente, que conseguiu tres edís e evidenciou a fragmentación do espazo político local.

Coa renuncia agora presentada como concelleiro, ábrese unha nova etapa institucional nun Concello no que o relevo efectivo xa levaba tempo asentado na figura de Benjamín García, mentres o equipo de goberno afronta a recta final do mandato cunha maioría sólida.

A XXVI Feira de Artesanía será o 9 de agosto

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, coa colaboración do Concello e da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organizará o vindeiro 9 de agosto a vixésimo sexta edición da Feira de Artesanía de Samos, consolidada como unha das citas culturais e artesanais máis destacadas da comarca sarriá.

A organización estima unha participación similar á da pasada edición, na que estiveron presentes arredor de trinta expositores con propostas de artesanía elaborada a man. O público puido atopar pezas de cerámica, artigos de coiro, produtos téxtiles, obxectos de madeira e diferentes especialidades gastronómicas tradicionais.

Ao longo da xornada tamén se desenvolveron obradoiros demostrativos e actuacións de grupos de música tradicional, enchendo as rúas de ambiente festivo e actividade cultural. A feira volverá converter o municipio nun escaparate de creacións locais, tradicións e sabores da terra, combinando identidade cultural e dinamización económica.

Nesta edición, ademais dos postos de artesanía, do pregón e da programación musical, celebrarase a presentación do libro 'El mundo desde abajo', do escritor Valentín Carrera. A obra afonda na odisea australiana do misioneiro beneditino Rosendo Salvado e relata a súa viaxe iniciática desde Roma ata Australia Occidental, onde fundou en 1846 a misión de New Norcia, que continúa activa na actualidade.

O libro percorre a vida de Rosendo Salvado como organista, pianista e contemporáneo de Franz Liszt, ademais de navegante dos mares Mediterráneo, Atlántico e Índico. A publicación tamén destaca o seu papel como defensor dos dereitos humanos, da igualdade da muller e abolicionista da escravitude, nun perfil que o presenta como un humanista adiantado ao seu tempo.

Nas páxinas da obra, Valentín Carrera reconstrúe a travesía vital do misioneiro, acompañándoo na súa ruta a bordo da fragata Elizabeth e profundando nas súas inquietudes e experiencias. O autor ofrece así unha reflexión sobre a viaxe entendida como exercicio de empatía e comprensión do mundo.

O pasado ano, Samos xa acollera a estrea da serie documental 'Rosendo Salvado: aventura e misión dun galego en Australia', dirixida tamén por Valentín Carrera para Televisión de Galicia. A produción, dividida en catro episodios, repasaba a traxectoria "incrible e fascinante" do relixioso nacido en Tui en 1814, destacando o seu labor como viaxeiro, músico, escritor, teólogo, antropólogo e científico.

Samos celebra un ano da recuperación da súa feira mensual

O Concello de Samos celebrará o vindeiro 4 de xuño o primeiro aniversario da recuperación da súa tradicional feira mensual, unha cita que se organiza cada mes coincidindo co día 4 e que permitiu recuperar un costume desaparecido desde hai máis de 60 anos.

O goberno local decidiu recuperar a data na que antigamente se celebraba a feira da parroquia de Castroncán, escollendo o día 4 de cada mes para evitar coincidir con outras feiras de municipios próximos. Hai décadas, veciños e visitantes acudían á capitalidade municipal os días 1 e 15 de cada mes, nunha tradición que acabou desaparecendo co paso do tempo.

Na actualidade, a feira celébrase no campo da festa e mantén como principal atractivo a presenza da polbería, que permite ás persoas asistentes compartir unha comida e converter a xornada nun momento de encontro social. A cita continúa contando coa colaboración da Pulpería Neira, encargada de servir o polbo en cada edición.

Ademais da oferta gastronómica, a feira acolle diferentes postos de venda ambulante que varían segundo o mes. Entre eles hai propostas de embutidos, artesanía, froita, calzado ou roupa, coa intención de

seguir ampliando progresivamente a participación de comerciantes.

A alcaldesa de Samos, Chus López, explicou que antes de recuperar a feira foron preguntando á veciñanza pola antiga tradición mensual, aínda que "ninguén tiña constancia, porque 60 anos son moitos". A rexedora considera que "era unha mágoa que nós, tendo o concello tan bonito que temos, non puidésemos contar cunha feira mensual como noutros concellos".

Tamén o presidente da Asociación de Comerciantes e Profesionais de Artesanía, José Fernández, puxo en valor a recuperación desta feira polo impacto positivo que ten na vida social do municipio e confiou en que co paso do tempo continúen incorporándose novos postos.

Coincidindo coa celebración deste aniversario, organizaranse tamén unhas lambiscadas científicas centradas nas enfermidades transmitidas por carrachas, co obxectivo de dar a coñecer os seus riscos e as medidas de prevención. As actividades desenvolveranse ás 10.00 horas no CEIP de Samos e ás 12.00 horas no campo da feira.

Durante esa mesma xornada tamén participará Cruz Vermella co programa 'Redes que cuidan', unha iniciativa de intervención sociocomunitaria en contornas rurais coa que se realizarán actividades de información e acompañamento dirixidas especialmente ás persoas maiores do municipio.

O alumnado do CEIP de Samos puxo a punto a súa horta escolar

O alumnado do CEIP de Samos participou nos últimos días nun obradoiro de preparación da horta escolar, unha actividade que permitiu ao estudantado aprender sobre cultivo, sustentabilidade e traballo en equipo nunha experiencia desenvolvida coa colaboración das familias.

A iniciativa foi impartida por Andrea, responsable de Tropic Gaia, grazas á axuda solicitada pola ANPA do centro dentro do programa 'Da Escola á Granxa'. Durante a xornada, os nenos e nenas prepararon a terra, realizaron plantacións e participaron en diferentes tarefas para dar forma á nova horta escolar.

A actividade contou ademais coa participación dos pequenos e pequenas de Casa Niño Faragulla, que compartiron a experiencia co alumnado do colexio nun encontro centrado na convivencia e na educación ambiental. Tras o traballo desenvolvido na horta, os escolares serán agora os encargados de coidar os cultivos e seguir a evolución das plantacións ata a súa futura recollida.

As actividades enmárcanse no programa 'Da Escola á Granxa', impulsado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a través do cal o alumnado tamén participou nunha saída educativa para coñecer o labor dunha empresa da comarca do Courel especializada na produción e elaboración artesanal de produtos naturais, especialmente marmeladas elaboradas con froitos autóctonos da zona.

a voz dos alcaldes

Triacastela: Olga Iglesias Fontal

“Queremos atraer novos veciños e asentar poboación”

Olga Iglesias Fontal pon en valor o traballo desenvolvido e marca tres cuestións pendentes nas que traballar na próxima lexislatura

DATOS

HABITANTES: 609.
PARROQUIAS: 8.
EXTENSIÓN: 51,18 km².
PARTIDO XUDICIAL: Becerreá.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP e 2 do PSOE.
ALCALDESA: Olga Iglesias Fontal.
VOCEIRO PP: Miguel Ángel Fernández.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Os meus pais foron concelleiros do Partido Popular, polo que desde pequena esti-ven vinculada a este partido. A verdade é que, cando decidín dar o salto á política, seguía a sentirme plenamente identificada cos seus valores.
Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcaldesa?
Primeiro centreime na miña formación, conseguín un traballo e aprobei unhas oposicións. Despois, decidín dar o paso e dedicarme á política, unha vez cumpridos unha serie de obxectivos. No ano 1999, cando entrou a gobernar o PSOE, o Partido Popular comezou a buscar candidatos e así xurdiu a miña incorporación á vida política. A partir de aí fun dando pasos dentro da organización ata chegar á Alcaldía no ano 2011.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**
55 anos, casada e dous fillos
• **Profesión e formación**
Doutora e veterinaria e Directora Territorial da Consellaría de Medio Rural en Lugo
• **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Encantaríame traballar nun museo
• **Que quería ser de maior?**
Sempre quixen ser algo relacionado coa Bioloxía
• **Que fai para desconectar?**
Gústame ver películas e series curtas
• **Unha virtude e un defecto**
Son unha persoa constante; e quizais quero facer demasiadas cousas á vez
• **Un consello para compartir**
Fai o ben e non mires a quen
• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Hai dous libros que promovemos desde o Concello: ‘Triacastela refuxio real’ e ‘Ori-bio a montaña viva’; gústame a novela histórica; en cine, a comedia romántica; e Baiuca ou Rosalía
• **Unha afección**
Gústame visitar museos
• **Un lugar que visitar**
Jerusalén, Roma, Santiago e o Cebreiro
• **Unha comida e unha bebida**
Queixo e viño tinto
• **Unha personaxe admirada**
Marie Curie, muller e investigadora
• **Unha posesión prezada**
A miña casa
• **Un desexo**
Ter saúde
• **Algo para esquecer**
De todo se aprende
• **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A nobreza e a honestidade
• **Un desafío pendente**
Facer o Camiño desde Roncesvalles
• **Onde se ve en cinco anos?**
Coidando unha horta propia

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Non falaría de sacrificios, porque son máis ben satisfaccións ao tratarse de veciños e amigos aos que coñeces desde que naces. Si é certo que, en ocasións, esta dedicación resta tempo á familia e non conta cunha retribución económica como noutros concellos, pero facémolo por vocación de servizo público e polo compromiso coa veciñanza.
E beneficios?
Os beneficios son poder desenvolver un proxecto de goberno ao longo do tempo do que un se poida sentir orgulloso e, ao mesmo tempo, que tamén os veciños e veci-ñas poidan sentirse satisfeitos co resultado.
Como equilibra a vida pública e a privada?
Non hai moita diferenza. Sobre todo con nenos pequenos, complica un pouco a organización do día a día.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Antes de ser alcaldesa, fun deputada nacional do Partido Popular de Madrid durante dúas lexislaturas, no Congreso dos Deputados, unha etapa que considero moi importante. De feito, conseguín a Alcaldía nesa etapa. Na Deputación tiven a opción de incorporarme, pero decidín manter o meu traballo na Xunta de Galicia como directora territorial de Medio Rural na provincia de Lugo. Non me marco metas concretas. Se teño que asumir algún cargo máis, chegará no seu momento. En calquera caso, o maior orgullo para calquera persoa á que lle guste a política municipal é ser alcaldesa do seu propio concello.
E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?
Temos tres cuestións pendentes que me gustaría poder conseguir nesta próxima lexislatura. En primeiro lugar, a aprobación do Plan Básico Municipal e, en segundo, o Plan Especial de Solo Industrial. Neste caso, a tramitación depende tamén de informes favorables de distintos organismos sectoriais. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil foi unha das administracións que máis atrasou o avance destes plans. A terceira actuación sería a creación dun centro de interpretación de Cova Eirós en Triacastela. Trátase dun proxecto que xa fora valorado con anterioridade, pero para o que non se dispoñía dun inmoble axeitado. Na actualidade, ese espazo xa existe, aínda que sería necesario acondicionalo.
Cales son as principais liñas do seu programa?
As principais liñas do meu programa céntranse na mellora das infraestruturas viarias, das traídas de auga e do saneamento, así como nos asuntos sociais, procurando estar ao lado da veciñanza cando precisa atención en materia de dependencia. Outro dos obxectivos é ofrecer instrumentos de conciliación ás familias con fillos, co fin de favorecer que poidan quedar no concello, escolarizar aquí aos seus fillos e garantir a continuidade do colexio. Outra das liñas prioritarias é o Camiño de Santiago, xa que o obxectivo é seguir traballando para situar Triacastela no mapa e reforzar a súa presenza no itinerario xacobeo.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Necesitamos asentar poboación no municipio e atraer novos veciños. Existe un problema importante relacionado coa vivenda, xa que hai inmobles que non están habitados e outros que non se atopan en condicións de selo. Tamén é necesario apostar pola rehabilitación de vivendas xa existentes e mesmo pola constru-ción de novas.
De que proxectos se sente máis orgullosa?
Do que me sinto máis orgullosa é do día a día, de manter a rede viaria do noso concello en boas condicións. Non só as pistas e estradas que comunican os pobos, senón tamén a aquelas que van cara ás zonas de pastos e de gandería, porque hai un número importante de explotacións con moitos animais. Gustaríame destacar tamén que unha das cousas que conseguimos é que, a partir de xaneiro de 2026, contamos cunha traballadora social a xornada completa os cinco días da semana. Isto permítenos implantar programas e facer máis actuacións que antes non eran posibles, xa que só estaba tres días á semana. Tamén puxemos en marcha melloras arredor do Camiño de Santiago, aínda que considero que aínda queda moito por facer.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?
Unha veciña próxima, sensible ás súas necesidades e ás súas inquedanzas.
Como é a súa relación coa oposición?
Cordial.

Confirman o concerto de Xosé Lois Romero & Aliboria no Terra Brava

O Festival Terra Brava do Incio celebrará o próximo 15 de agosto unha nova edición cun cartel no que actuarán a Charanga Bicoia, Lamatumbá, La Trocamba, Calle Mambo e Xosé Lois Romero & Aliboria.

Precisamente, a actuación de Xosé Lois Romero & Aliboria estará patrocinada pola Xunta de Galicia. A formación, recoñecida pola súa reinterpretación da música tradicional galega a través de percusións innovadoras, voces potentes e unha posta en escena marcada pola conexión coa identidade e coa terra, levará ao festival unha proposta baseada na reinterpretación da música tradicional galega, combinando voces e percusión tradicional con arranxos innovadores.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión co alcalde do Incio, Héctor Corujo, e co presidente da asociación Terra Brava, Luis Valcárcel, para coñecer os detalles da programación, impulsada pola propia asociación organizadora.

O rural protagonizará un campo de voluntariado artístico

O Concello do Incio promoverá este verán o campo de voluntariado 'Territorio Sonoro', unha proposta artística e cultural que terá lugar entre os días 12 e 23 de xullo nas parroquias de Trascastro, A Ferrería e Hospital co obxectivo de recuperar, conservar e divulgar o patrimonio natural, histórico e humano do municipio. A actividade, de ámbito estatal, contará con 15 prazas dirixidas a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos.

O proxecto está impulsado polo Concello do Incio coa colaboración de Outonía Sociedade Cooperativa Galega e conta co financiamento da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude.

A iniciativa pretende crear audiopaseos xeolocalizados a partir da convivencia coa veciñanza e da investigación sobre o territorio, co fin de xerar novos recursos turísticos sostibles vinculados á identidade local e á cultura rural. O proxecto tamén busca contribuír á eliminación de estereotipos sobre o rural mediante a participación xuvenil e a creación artística.

Durante os días de actividade, as persoas participantes encargaranse da recollida de historias e memoria oral, da realización de entrevistas con veciños e veciñas, así como da gravación de saberes tradicionais, música e baile popular. Tamén traballarán na identificación de espazos de interese patrimonial e emocional das parroquias, ademais da creación de rutas temáticas, elaboración de guións sonoros e gravación e edición de pezas de audio inmersivas.

O resultado final será a elaboración de audiopaseos e arquivos sonoros xeolocalizados que quedarán a disposición do Concello do Incio como unha ferramenta permanente de dinamización turística e conservación da memoria local. A programación incluirá igualmente unha xornada pública de clausura para compartir coa veciñanza o traballo realizado ao longo do campo.

A proposta completarase cun programa de actividades complementarias destinadas a dar a coñecer o territorio, entre elas visitas a espazos culturais como A Grelería, no Incio, a SEDE, en Sarria, ou o Museo de Pedra de Buxán. Ademais, desenvolveranse un paseo pola Ruta do Ferro, actividades no encoro de Vilasouto e na área recreativa de Saa, un obradoiro de baile tradicional "A carballesa" e diferentes veladas nocturnas. As persoas participantes aloxaranse no CEIP Ricardo Gasset.

Impulsan unha Biblioteca Mutante situada na praza da vila

O Concello do Incio, a través da colaboración coa cooperativa social Outonía: Educación Social e Sustentabilidade rural, e co apoio da Furgoteca, vén de poñer en marcha unha Biblioteca Mutante situada na praza da vila, ao carón da parada de taxis. Este novo espazo de lectura nace coa idea de promover o intercambio libre de libros, de maneira que calquera persoa poida coller un exemplar e deixar outro no seu lugar. Grazas ás doazóns de numerosas persoas, a Biblioteca Mutante inicia a súa actividade cun fondo variado de títulos en galego e en castelán, pensado para todos os públicos.

A partir de agora, a Furgoteca quedará estacionada neste punto para ofrecer o servizo de préstamo bibliotecario os días 22, coincidindo coa celebración da feira local.

O Campionato Galego Individual de Piragüismo celebrouse en Vilasouto

O encoro de Vilasouto do Incio converteuse nun dos grandes escenarios do piragüismo galego coa celebración do Campionato Galego Individual Xunta de Galicia, unha cita que reuniu centos de novos deportistas procedentes de toda a comunidade autónoma.

A proba, incluída no calendario oficial da Federación Galega de Piragüismo, estivo dirixida ás categorías prebenxamín, benxamín e alevín na modalidade K1 sobre unha distancia de 1.500 metros. As regatas comezaron ás 11.00 horas e contaron coa participación de 322 deportistas pertencentes a 31 clubs de diferentes puntos de Galicia.

O encoro de Vilasouto volveu ser protagonista dunha destacada xornada deportiva, reafirmándose como un espazo de referencia para a práctica do piragüismo grazas ás súas condicións naturais e ás características da súa lámina de auga. Os organizadores destacaron que este enclave ofrece un escenario especialmente axeitado para a celebración de competicións desta relevancia e para a promoción dos deportes náuticos.

Ademais do seu impacto deportivo, o campionato tamén tivo repercusión na actividade económica e social da comarca. A presenza de centos de participantes, acompañantes e afeccionados xerou un importante movemento de visitantes durante a fin de semana, contribuíndo á dinamización da hostalaría, do comercio e dos servizos locais.

A celebración desta regata deu continuidade á aposta polo piragüismo no municipio do Incio, que nos últimos anos recuperou a actividade deportiva no encoro tras décadas sen acoller este tipo de prácticas.

Volve o XXXII Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

O Concello de Paradela vén de abrir a convocatoria da XXXII edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, unha cita xa consolidada no ámbito cultural que busca fomentar a creación literaria en lingua galega e castelá. Esta nova edición inclúe tres modalidades de participación: narrativa, poesía e unha categoría especial dedicada ao Camiño de Santiago.

O prazo para a presentación das obras permanecerá aberto desde o 1 de outubro ata o 30 de novembro de 2026, e os traballos poderán enviarse tanto por correo postal como por vía electrónica.

Os premios establecidos chegan ata os 1.000 euros, dependendo da modalidade e da clasificación obtida.

Na modalidade de narrativa, os relatos deberán ter unha extensión máxima de vinte folios mecanografados ou elaborados a ordenador, a dobre espazo, sen establecer un mínimo de extensión.

No caso da poesía, as obras non poderán superar os 100 versos.

En ambas categorías, as creacións deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas previamente noutros concursos e estar finalizadas antes da publicación da convocatoria.

A modalidade especial do Camiño de Santiago, que ten un carácter destacado dentro do certame pola súa vinculación con Paradela como punto relevante do Camiño Francés a cen quilómetros da meta, seguirá os mesmos requisitos xerais e reunirá tanto obras de narrativa como de poesía.

No apartado de premios, a modalidade de narrativa contará cun primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 500 euros.

Na poesía establécense tamén un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 500 euros.

Na modalidade especial do Camiño de Santiago o primeiro premio será igualmente de 1.000 euros.

Ademais, o xurado poderá conceder accésits de 250 euros e ata dúas mencións de honra por categoría, tamén dotadas con 250 euros.

O fallo do xurado, designado polo Concello de Paradela, emitirase no mes de maio de 2027 e farase público a través dos medios de comunicación e das páxinas web municipais, ademais de ser comunicado directamente ás persoas gañadoras, que serán convocadas ao acto de entrega de premios na data que se determine.

'Mudanza' logra o recoñecemento internacional en Ucraína

A curtametraxe 'Mudanza', baseada no libro 'Manchas de frío' da paradelense Sonia Arias, foi seleccionada no ICJ International Film Award 2026 de Ucraína, un recoñecemento internacional que supón un importante impulso para esta produción audiovisual vinculada a Sarria e Paradela.

Ver como unha historia tan íntima consegue cruzar fronteiras e acadar este tipo de recoñecementos converteuse nunha das maiores satisfaccións deste oficio, destacando ademais a proxección internacional dunha obra nacida en Galicia.

Este logro é tamén o resultado do talento e da implicación dun equipo que conseguiu situar Sarria e Paradela no mapa como escenarios da gravación do filme. A dirección correu a cargo de Luisje Moyano, responsable da visión artística da curtametraxe.

No reparto destacan as interpretacións de Saamira Ganay e Deborah Gil, mentres que a produción estivo liderada por Fortune Films Productions.

Tamén quixeron agradecer o labor desenvolvido por Fernando Pazín, de City Blue Films, pola súa colaboración no proxecto.

Paradela acollerá o 6 de xuño a V Carreira Popular no Circuíto Miño-Ulla

Xa está aberto o prazo de inscrición para a V Carreira Popular de Paradela, unha das probas incluídas no XII Circuíto Miño-Ulla de Carreiras Populares, que se celebrará o vindeiro 6 de xuño no municipio.

A xornada deportiva contará con diferentes modalidades.

Ás 18:00 horas disputarase a carreira absoluta, cun percorrido de 8.000 metros.

Posteriormente, ás 18:15 horas terá lugar a andaina popular, mentres que ás 19:30 horas será a quenda das categorías de menores, con distancias comprendidas entre os 100 e os 1.000 metros.

O evento inclúe agasallo para todas as persoas participantes, así como premios para os tres primeiros clasificados de cada categoría. Na categoría de menores entregarase ademais unha medalla conmemorativa. Tamén se establece un premio para o primeiro ou primeira clasificada de maior idade e para o primeiro corredor ou corredora local.

A inscrición deberá realizarse de forma online a través da web www.championchipnorte.com, sendo a data límite o 4 de xuño.

O Concello de Paradela entregou unha nova cesta de benvida a un bebé do municipio

O Concello de Paradela realizou a entrega dunha nova cesta de benvida correspondente á segunda solicitude por nacemento tramitada no ano 2026. Nesta ocasión, a axuda foi concedida a Gael Fernández Losada, un neno nado e empadroado no municipio.

A iniciativa inclúe un lote de produtos de primeira necesidade valorado en 200 euros, co obxectivo de apoiar ás familias nos primeiros meses de vida dos recentemente nacidos.

A alcaldesa de Paradela, Montserrat Mulet, foi a encargada de facer entrega deste lote aos pais do menor, Noelia Losada e Adrián Fernández.

O asociacionismo feminino impulsa a vida no rural

Unha rede de máis de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio traballa pola convivencia, a participación e o empoderamento

As mulleres no medio rural galego desempeñan un papel esencial na organización social, económica e comunitaria dos territorios nos que viven. Historicamente, foron o motor das aldeas, contribuíndo de maneira decisiva, aínda que non sempre valorada, á dinamización da vida comunitaria e á creación e mantemento do tecido social.
Este papel, lonxe de desaparecer, continúa a ter unha grande importancia na actualidade, especialmente a través do desenvolvemento do asociacionismo feminino, que se converteu nunha ferramenta clave para a convivencia e o empoderamento das mulleres no medio rural, e que nos últimos anos está a experimentar un certo incremento, no que teñen moito peso as novas xeracións.
En Galicia, existen mais de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio, sendo a provincia de Ourense a que reúne a maior cantidade, con máis de 200 asociacións rexistradas segundo as listaxes oficiais, seguida por Pontevedra, con 193, Lugo, con 80 e A Coruña, con 77.

Coordinación e apoio desde as federacións

Neste contexto, as federacións, como é o caso de FADEMUR, desempeñan un papel fundamental, xa que permiten agrupar e coordinar o traballo das distintas asociacións, fomentando o asociacionismo e tecendo unha rede organizada que conecta diferentes realidades locais baixo uns mesmos principios comúns. Ademais, desde a federación proporciónase asesoramento administrativo e burocrático, desde a constitución legal das asociacións ata a xestión de estatutos, subvencións ou trámites bancarios.
Pero a súa labor vai máis aló, promovendo tamén actividades conxuntas que permiten reforzar a identidade común do movemento, como foros de igualdade, encontros entre federacións e a celebración de datas significativas como o 8 de marzo, o 25 de novembro ou o Día da Muller Rural. Ademais, en 2020 FADEMUR publicou un estudo incluído no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero titulado “Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural”, co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación das mulleres rurais en relación coa igualdade e a violencia machista. O estudo levouse a cabo en sete comunidades autónomas (Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha, Estremadura, Galicia e A Rioxa), seleccionadas polo seu grao de ruralidade e dispersión, entrevistando a decenas de mulleres e profesionais en municipios de ata 20.000 habitantes. Entre as súas principais conclusións, as enquisas puxeron de manifesto que factores como o illamento ou a escaseza de servizos especializados de atención e protección no medio rural poden incrementar a vulnerabilidade das mulleres rurais fronte á violencia de xénero. Por iso, o asociacionismo cobra un papel fundamental como rede de apoio, ao ofrecer espazos de acompañamento e reducir o illamento.
Xunto ás tarefas organizativas, tamén se desenvolven programas sociais e educativos en centros de primaria e secundaria, así como proxectos dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou con necesidades de inserción laboral. Estes programas complétanse con obradoiros específicos, como os de sexualidade, que se levan a cabo en distintas asociacións segundo as necesidades e demandas de cada territorio.
Así, tanto a nivel federativo como

desde as propias asociacións, búscase dar visibilidade ás mulleres do medio rural en todos os ámbitos da vida. A través de distintas iniciativas, como obradoiros ou cursos, búscase impulsar a mellora do emprego entre as mulleres, así como o emprendemento e o empoderamento, fomentando a súa independencia económica. A súa labor estrutúrase en diferentes liñas de acción que procuran mellorar as condicións de vida das mulleres e reforzar o seu papel como axentes clave do desenvolvemento rural, a través de distintas iniciativas adaptadas á realidade de cada vila.

Espazos de socialización para romper o illamento

Pero de todas as accións que se levan a cabo desde este tipo de asociacións, a labor máis importante é a de socialización, ofrecendo ás mulleres espazos propios de encontro e socialización. Tradicionalmente, as mulleres do medio rural non contaban con lugares de lecer equivalentes aos dos homes, como podía ser o bar ou outros espazos informais de reunión. Esta ausencia de espazos específicos levou á creación de estruturas propias nas que as mulleres puidesen atoparse, compartir experiencias e construír vínculos sociais. Por iso, as asociacións funcionan como puntos de encontro fundamentais, nos que se rompe coa rutina diaria e se favorece a convivencia entre as veciñas das aldeas, que atopan nelas un lugar de esparexemento e lecer, pero tamén de comunidade. Estes espazos non só teñen unha función recreativa, senón que fomentan a convivencia diaria e a participación en actividades comúns, reforzando os lazos entre as mulleres dunha mesma localidade e fomentando a cohesión social das comunidades rurais. Por iso, este tipo de asociacións non só repercuten a nivel individual, senón que tamén teñen un forte impacto no benestar colectivo e na mellora da contorna.
As actividades que desenvolven estas asociacións son moi variadas e dependen de cada entidade concreta e das necesidades de cada territorio, pero todas elas comparten un elemento común: a creación de espazos de participación e convivencia.
Entre as actividades máis comúns levadas a cabo nestas organizacións atópanse propostas como ximnasia, obradoiros de memoria, teatro, manualidades, alfabetización dixital, iniciativas culturais ou actividades relacionadas coa saúde, o envellecemento activo e o autocoidado. Aínda que o contido de cada actividade pode ser diferente, o máis relevante non é tanto a actividade en si mesma, senón o espazo social que se xera arredor dela. Estes encontros permiten ás mulleres manter unha vida social activa, saír do illamento e fortalecer as súas redes de apoio. No ámbito económico e laboral, tamén se promoven iniciativas como a titularidade compartida das explotacións agrarias, así como o apoio ao emprendemento feminino no medio rural.

Un movemento en expansión

Segundo os datos de FADEMUR, nos últimos anos estase a rexistrar un aumento na creación deste tipo de asociacións, o que reflicte unha maior mobilización e participación das mulleres no ámbito rural. Aínda que non se pode falar dun crecemento explosivo, si existe unha continuidade e unha diversificación do movemento asociativo.
Ademais das asociacións de mulleres, tamén se integran ou colaboran entidades culturais, veciñais e produtoras, que buscan mellorar a súa situación e contribuír ao desenvolvemento do territorio, o que permite ampliar o alcance do asociacionismo e adaptar as respostas ás necesidades concretas de cada comunidade.
En conxunto, o asociacionismo feminino no medio rural convértese nunha ferramenta de organización social a través da que tecer redes de convivencia entre veciñas, fortalecendo a súa socialización e a súa participación na vida pública, transformando a vida comunitaria e creando espazos de confianza onde as mulleres poden falar e convivir libremente, impulsando novas formas de liderado feminino nos territorios rurais.
Neste contexto, desde o ano 2021 organízase no concello ourensán de San Xoán de Río o Congreso da Muller Rural, un espazo que busca poñer en valor o papel das mulleres rurais como axentes clave do desenvolvemento territorial, o liderado local, a innovación social e a cohesión comunitaria, e que cada ano recoñece a labor de alcaldesas, emprendedoras, traballadoras do sector primario, asociacións e demais mulleres que contribúen día a día a dinamizar e fortalecer o medio rural, impulsando a súa sustentabilidade social, económica e demográfica e garantindo a continuidade da vida nas comunidades rurais.

COLABORACIÓNS

O Poder Oculto no Silencio

A DESMITIFICACIÓN DO TAI JI QUAN E A EXCELENCIA DO KUNG FU

José Manuel Nunes

Persiste aínda na sociedade un elevado descoñecemento arredor das artes marciais e, de xeito moi singular, sobre o Kung Fu, de natureza complexa, pois non constitúe unha única disciplina, senón un diverso conxunto de artes marciais chinesas. Neste sentido, se ben podería afirmarse que o Kung Fu Tai Ji Quan "Boxeo dos Supremos Opostos" é quizais o máis coñecido en Occidente pola súa vertente terapéutica, lonxe está a maioría de sospeitar a súa verdadeira natureza e potencial. Aínda son moitos os que ignoran que naceu na China como un sistema de Kung Fu que codifica contundentes e brutais aplicacións marciais, especialmente no seu estilo orixinal, o Chen.

A procedencia de culturas tan exóticas e a chegada serodia do Kung Fu ao noso país —o que mesmo facilitou que na década dos setenta prosperasen estilos inventados e franquías de sistemas alleos ao patrimonio marcial chinés e inexistentes tanto na China como no resto do mundo— deu lugar a un estraño organigrama, á dispersión dos centros de práctica e á súa regulación como disciplina asociada en diferentes federacións. En España, o Kung Fu, aínda que moi coñecido nominalmente a través dos filmes e, máis recentemente, por debuxos infantís como Kung Fu Panda, continúa a ser, en esencia, esa misteriosa e antiga arte marcial.

A Transición do Marcial ao Terapéutico: De Chen a Yang

Cómpre precisar que o Tai Ji Quan experimentou un cultivo alleo á súa esencia orixinal incluso por vontade de mestres nativos. Historicamente, uns 150 anos despois de que o experimentado militar Chen Wangting consolidase o estilo Chen, na 14ª xeración xurdiu a figura de Yang Luchan. Este Mestre fundou o estilo Yang, reestruturando a arte cara a un método máis accesible e terapéutico, primando o cultivo da saúde e a lonxevidade en detrimento da eficiencia marcial máis directa. Aínda que ambas as orientacións non son excluíntes, o certo é que esta mudanza alumou algo distinto ao propósito inicial. Con todo isto, ao porto ao que desexo arrimar é a vontade de compartir a excelencia do Kung Fu Tai Ji Quan e, até certo punto, advertir sobre un fenómeno que impide activar os contidos fascinantes que o sistema garda encriptados, como capacidades que temos ao noso alcance e descoñecemos da súa existencia, como botóns ocultos nun teclado.

Tras moitos anos xa de busca e de contacto con diversos Mestres, descubrín e estou a descubrir que aquilo que antes desmerecía a miña atención por consideralo un sistema ineficiente, é en realidade un Kung Fu cun significado oculto abraiante.

O Estancamento

O problema radica en que, a día de hoxe, o Tai Ji Quan apréndese e ensínase de maneira parcial. A práctica enténdese como un exercicio preparatorio perpetuo, unha fase previa da que xamais se chega a saír. Sálvanse poucas excepcións, como a de Shifu Miguel Ángel Rojo, actual presidente do Departamento Nacional de Kung Fu da RFE de Karate & Disciplinas Asociadas, quen, grazas á súa formación na China e ao seu contacto cos máis reputados mestres nativos, coñece e transmite a disciplina con todo o seu potencial e as súas aplicacións.

O habitual, porén, é unha práctica estancada no perfeccionamento da estrutura, sen chegar nunca aos módulos de aplicación, ao combate de estudo ou ao sparring libre nos seus distintos niveis de contacto.

Resulta comparable a quen pasa toda a súa vida na zona da piscina onde a auga non supera a cintura, realizando exercicios con dispositivos de flotación e prácticas parciais sen aplicación directa, aínda que destinadas a mellorar a técnica, mais sen chegar nunca a nadar realmente.

O Método como Virtude e Obstáculo

A gran virtude do Tai Ji Quan é, paradoxicamente, o seu maior lastre para o neófito.

En lugar de entregarse á celeridade, á forza bruta ou ao balbordo que adoitan caracterizar outros sistemas de Kung Fu e moitas artes marciais, o Tai Ji Quan interpélanos cunha quietude inquisitiva: "Cara a onde vas con tanta présa se aínda non comprendes o que executas?".

Esta disciplina convídanos a deter os punteiros do reloxo como fase indispensable dun adestramento destinado a converter o consciente en instintivo. Cómpre aprender a camiñar antes de correr.

O Tai Ji Quan resulta fascinante porque, ao suspender o tempo, obríganos a procurar unha coordinación exacta entre a mecánica corporal e a respiración. Esixe estudar a postura precisa e o traslado do peso dunha cadeira á outra, cultivando unha cinética óptima na que a translación da cadeira e a rotación da cintura operan como unha cadea sincronizada.

Nese estado de atención plena percíbese con claridade, por exemplo, como o metatarso do pé exerce presión contra o chan, iniciando a cadea de movemento que ascende a través do xeonllo, a cadeira, o ombreiro, o cóbado e a man.

Neste proceso de introspección física, o Tai Ji Quan ordénanos:- Pecha os ollos-. Entón o practicante descobre que o equilibrio é moito máis fráxil do que sospeitaba. Mesmo na simple posición de apertura, cos pés paralelos, a ausencia de visión revela que o equilibrio non é un estado estático, senón unha corrección constante dunha caída permanente.

Tomamos así consciencia de como a planta de cada pé dialoga co chan, repartindo o peso entre o metatarso, o calcañar e os cantos, acordando consciencia cinestésica que antes pasaba inadvertida. É unha metodoloxía espléndida aplicable a calquera sistema de Kung Fu, e mesmo ás katas xaponesas ou aos poomsaes coreanos.

A finalidade última debe ser interiorizar esta mecánica até integrala no inconsciente e aplicala nos distintos niveis de contacto, onde se aprende a controlar o estrés, a ansiedade e o medo en entorno controlado e seguro, espertando finalmente o instinto puxilístico natural.

SARRIAXA
Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.
Teléfono 661 464 323 redaccion@sarriaxa.com
Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPORTES

O Xirandela, Campión Galego Escolar de Ximnasia Rítmica

O Club Xirandela de Sarria conseguiu que o seu conxunto de iniciación de nivel escolar conseguiu proclamarse campión galego no Campionato Galego Escolar de Ximnasia Rítmica, acadando así o primeiro título autonómico da súa traxectoria e culminando unha tempada de constante progresión.
A competición serviu para poñer en valor o traballo desenvolvido polas ximnastas ao longo dos últimos meses. O equipo logrou subir ao máis alto do podio tras unha actuación que confirmou a evolución experimentada durante a campaña, na que as deportistas foron gañando confianza, coordinación e nivel competitivo paso a paso.
Desde o club destacaron que este éxito é o resultado do compromiso das ximnastas, do labor técnico realizado polos adestradores e do esforzo continuado que caracteriza a unha entidade que continúa medrando ano tras ano dentro da ximnasia rítmica galega.
Máis alá do triunfo do conxunto campión, a entidade quixo tamén recoñecer o papel desempeñado polo resto das súas representantes. As categorías prebenxamín, alevín e infantil participaron igualmente no campionato, deixando mostras do traballo realizado durante toda a tempada e defendendo as súas montaxes sobre o tapiz cunha destacada actuación.
A expedición regresou a Sarria cun balance moi positivo e coa satisfacción de comprobar a progresión das súas deportistas. O título autonómico supón un importante impulso para o club, que ve recompensado o esforzo acumulado durante meses de adestramentos e competicións.
Con todo, desde o Club Xirandela lembran que a tempada aínda non rematou. A entidade continuará preparando os próximos compromisos deportivos co obxectivo de seguir mellorando resultados e consolidando o crecemento dunha canteira que continúa sumando éxitos para a ximnasia rítmica sarriá.

Sarria acollerá o XXXVI Torneo de Fútbol Sala San Xoán

O pavillón José Mario González do Chanto será escenario os días 26, 27 e 28 de xuño da XXXVI edición do Torneo de Fútbol Sala San Xoán de Sarria, unha cita xa consolidada dentro do calendario deportivo e festivo da vila.
O torneo conta co apoio do Concello de Sarria.
O torneo contará cun máximo de 24 equipos participantes e repartirá importantes premios económicos.
O equipo campión recibirá 1.500 euros e trofeo, mentres que o subcampión obterá 700 euros e trofeo.
Ademais, haberá premios de 200 euros e trofeo para o terceiro e cuarto clasificados, así como un recoñecemento especial ao mellor equipo do concello.

A organización tamén entregará distincións individuais ao mellor porteiro, ao mellor xogador e ao quinteto ideal do campionato.
Os encontros estarán dirixidos por árbitros federados.
A inscrición terá un custo de 150 euros por equipo e poderá formalizarse a través dos teléfonos facilitados pola organización ata o 22 de xuño ás 14.00 horas. O sorteo da competición celebrarase ás 21.00 horas no Pub Tropi.

O Puebla Futsal logra o ascenso a Preferente Galicia tras gañar a Liga

O Puebla Futsal de Láncara proclamouse campión da Liga 2025/26, un resultado que lle permite conseguir o ascenso á categoría Preferente Galicia e cumprir así o principal obxectivo marcado polo equipo para esta tempada.
O adestrador do conxunto, Julio "Chuco", amosouse moi satisfeito polo logro acadado tras unha campaña que definiu como "moi dura" debido á gran igualdade existente entre os equipos participantes. Segundo explicou, o inicio da tempada estivo condicionado pola falta de efectivos e pola dificultade para manter o compromiso dalgúns xogadores máis novos, aínda que pouco a pouco os resultados foron acompañando e o equipo conseguiu consolidarse.
O cadro de xogadores do Puebla Futsal caracterízase pola súa variedade xeracional, con integrantes de entre 19 e 40 anos, aínda que a maior parte do equipo se sitúa entre os 20 e os 30 anos.
Chuco destacou tamén a resposta da veciñanza e da afección durante a tempada, subliñando que o apoio do pobo foi clave para alcanzar o ascenso. "A xente foise animando e o pobo respondeu moi ben", sinalou, incidindo ademais na importancia que este éxito deportivo ten para o municipio.

Na competición participaron equipos de diferentes puntos da provincia, nun ano que cualificou de especialmente positivo para o fútbol sala da zona, coincidindo tamén co ascenso do Meigallos.
O técnico recoñeceu que nun concello pequeno non sempre é doado atopar xogadores, polo que valorou especialmente o esforzo realizado polo grupo.
O adestrador tamén puxo en valor o respaldo institucional recibido, asegurando que o Concello de Láncara mantivo unha implicación constante co club e lembrando que o alcalde asistiu habitualmente aos encontros disputados polo equipo.
Ademais, Chuco quixo reivindicar o papel do deporte base e a importancia de fomentar a práctica deportiva entre a mocidade. Neste sentido, destacou que actividades como o fútbol sala contribúen a que os máis pequenos teñan alternativas de ocio saudables e afastadas do uso excesivo do teléfono móbil.

O Meigallos FS organiza xornadas de portas abertas

O Meigallos FS pon en marcha entre o 25 de maio e o 5 de xuño unhas xornadas de portas abertas co obxectivo de achegar novos xogadores e xogadoras ao fútbol sala e dar a coñecer o traballo que desenvolve o club nas distintas categorías.
Durante esas dúas semanas, as persoas interesadas poderán participar nos adestramentos dos diferentes equipos nos horarios establecidos tanto no pavillón do Chanto como nos pavillóns dos institutos e de Oural.
A iniciativa está dirixida a nenos, nenas e mozos de diferentes idades, así como ao fútbol sala feminino. As categorías convocadas son biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, base feminina e senior feminina.
Desde o club animan ás familias e aos rapaces a probar a experiencia de adestrar co Meigallos FS e coñecer de primeira man o ambiente deportivo e formativo da entidade sarriá.

A AC Taekwondo Sarria logra un resultado histórico no Open de España

A AC Taekwondo Sarria firmou unha destacada participación no Open de España 2026, unha das citas máis esixentes do calendario nacional de taekwondo, cun balance de catro medallas de ouro e cinco de bronce. O campionato reuniu aos mellores deportistas do país e o conxunto sarrián volveu demostrar o alto nivel competitivo dos seus integrantes tanto nas categorías base como nas absolutas.

Entre os resultados máis destacados estiveron os títulos conseguidos por Carla Rodríguez, campioa do Open de España en individual benxamín; Martín Varela, tamén campión do Open de España na categoría individual benxamín; e Brais Lombardero, que logrou o ouro en individual cadete infantil e proclamouse igualmente campión do Open de España. Ademais, o adestrador do club, Álex Losada, conseguiu outra medalla de ouro xunto aos seus compañeiros Carlos e Marco na modalidade de trío masculino -30.

As medallas de bronce chegaron da man de Sergio Castro en individual benxamín masculino; da parella formada por Martín Varela e Carla Rodríguez; de Mateo Fernández en trío masculino -30 xunto a Guillem e Albert Bonilla; do propio Álex Losada en individual sénior 1 masculino; e de Brais Lombardero en trío júnior masculino acompañado de Miguel Antón e Yago.

Para Álex Losada, adestrador e impulsor da entidade, os resultados acadados supoñen "un resultado histórico para o club unha vez máis, que fai que nos sigamos superando día a día". O técnico destacou a importancia da competición para os deportistas máis veteranos, que se xogaban puntos da clasificación nacional de cara á clasificación para o Campionato de Europa de 2027, pero puxo especial énfase nos máis pequenos.

"Era a primeira vez que competían nun campionato destas dimensións e o debut foi espectacular. Conseguimos dous campións de España e catro medallas entre os tres nenos máis pequenos. Estamos facendo que pareza algo sinxelo, pero non o é en absoluto", sinalou.

Sergio Castro, Carla Rodríguez e Martín Varela pertencen á categoría benxamín, reservada para deportistas de ata 8 anos, sendo ademais os máis pequenos non só do club, senón tamén de toda a expedición galega e do propio campionato. Losada destacou especialmente o mérito da medalla conseguida por Martín e Carla na categoría de parellas, xa que nesta competición os benxamíns compiten xunto cos alevíns, é dicir, con nenos de maior idade.

"A pesar de ser dos máis pequenos da categoría, lograron plantarlle cara a rivais moito maiores e subir ao podio. Iso énchenos de orgullo porque demostran que poden competir de ti a ti con deportistas máis experimentados", explicou.

O adestrador tamén quixo destacar a evolución de Brais Lombardero, campión de España en categoría cadete, e de Mateo Fernández, que acaba de dar o salto á categoría sénior. Segundo explicou, ambos atoparon no club a posibilidade de competir ao máis alto nivel tras incorporarse á entidade sarriá.

"Brais é campión de España e Mateo está entre os mellores deportistas do país en categoría júnior e empezando a facerse un oco tamén entre os mellores sénior. Ese exemplo contáxiase aos máis pequenos, que ven neles un espello no que reflectirse", apuntou.

Losada asegurou ademais que o bo momento do club é consecuencia dun traballo estruturado e dunha planificación constante durante toda a tempada. "Ao principio custounos un pouco, pero desde xaneiro estamos tendo resultados moi bos e estamos contentísimos", afirmou.

A tempada da AC Taekwondo Sarria concluirá o 13 de xuño cunha comida de club e coa participación a finais de xuño nun Open en Portugal, unha competición que servirá como peche de curso e tamén como recompensa para os nenos e nenas que adestraron durante todo o ano.

Posteriormente, Álex Losada, Mateo Fernández e Brais Lombardero centraranse na preparación do Campionato do Mundo que se celebrará en setembro en Corea do Sur. O técnico destacou que esta cita internacional supón unha experiencia deportiva e persoal moi enriquecedora, xa que ademais da preparación e da tensión competitiva, permite convivir con deportistas de numerosos países e compartir experiencias nun ambiente máis distendido.

A SD Oural permanece en Primeira Futgal tras unha tempada esixente

O equipo sénior da SD Oural confirmou a súa permanencia unha tempada máis na Primeira Futgal, unha categoría que o seu adestrador, Jorge González Lemos, xa describira ao inicio do curso como "complexa e competitiva", cunha elevada esixencia pola presenza de equipos recén ascendidos, conxuntos descendidos de Preferente e clubs con estruturas deportivas moi consolidadas.

Ao comezo da tempada, o obxectivo marcado polo equipo de Sarria era a permanencia, unha meta que finalmente se cumpriu tras un ano de esforzo e compromiso por parte dos xogadores e do corpo técnico. O propio adestrador recoñeceu que se trata dunha das salvacións máis difíciles dos últimos anos pola elevada puntuación necesaria para asegurar a continuidade na categoría.

González Lemos destacou tamén o traballo do grupo humano que se formou no vestiario, sinalando que o equipo estivo marcado pola unión, a amizade e o esforzo colectivo. Subliñou que os xogadores "traballaron moitísimo, implicáronse ao máximo e amosaron un compromiso enorme co club", o que permitiu acadar o obxectivo nunha tempada especialmente esixente.

Desde o club, a valoración é moi positiva, destacando non só o resultado deportivo, senón tamén a consolidación dun grupo unido que foi clave para superar os momentos máis complicados da competición.

Tres equipos da base da SD Sarriana participaron na final da Copa Deputación

A SD Sarriana acadou un feito histórico na Copa Deputación de fútbol base ao clasificar os seus equipos Infantil A, Cadete e Xuvenil para as finais das súas respectivas categorías, algo inédito ata o momento na competición provincial.

O Infantil A enfrontouse ao Foz, o Cadete ao Viveiro e o Xuvenil ao Lourenzá nas finais disputadas na Cheda, en Lugo. A pesar de que os tres equipos non conseguiron levantar o título, desde o club quixeron destacar o mérito deportivo de alcanzar estas finais e o nivel competitivo mostrado polos seus xogadores ao longo do torneo.

A entidade considera que este éxito é o reflexo do traballo realizado durante os últimos anos na formación da canteira, nun contexto marcado pola dificultade de reter talento no fútbol base debido á marcha de xogadores cara a estruturas profesionais e clubs de maior categoría.

Desde a Sarriana tamén puxeron en valor o labor realizado en todas as categorías inferiores, desde prebenxamíns ata xuvenís, destacando a implicación de adestradores, familias e xogadores no crecemento deportivo e social do club. Precisamente, a entidade celebrou recentemente unha cea na Reboleira con máis de 300 asistentes, na que se recoñeceu o traballo e a evolución dos futbolistas da base durante a tempada.

DE RUTA EN RUTA

Senda da Memoria das Pontes

O itinerario circular duns 9 quilómetros ofrece aos visitantes a posibilidade de coñecer a evolución da antiga mina de lignito

O lago das Pontes converteuse nos últimos anos nun dos espazos máis singulares de Galicia, non só pola súa dimensión, senón tamén pola historia que permanece agochada baixo as súas augas. Arredor del discorre a coñecida como Senda da Memoria, un itinerario circular duns 9 quilómetros que ofrece aos visitantes a posibilidade de coñecer a evolución da antiga mina de lignito e lembrar as parroquias desaparecidas tras a explotación mineira.

A ruta comeza nos arredores do lago e avanza progresivamente polos espazos que ocupaba a antiga mina de carbón. Durante o traxecto, os visitantes poden mergullarse na historia industrial das Pontes, coñecer o proceso de recuperación ambiental e contemplar unha paisaxe completamente transformada, na que a natureza acabou recuperando o protagonismo sobre o pasado mineiro.

O percorrido, habilitado tanto para peóns como para ciclistas, rodea o lago artificial e funciona como unha homenaxe ás aldeas que ocupaban antigamente estes terreos e ás persoas que viviron nelas. Ao longo do camiño, diferentes paneis informativos permiten comprender como era a contorna antes da restauración ambiental e como se produciu a transformación da paisaxe tras o peche da explotación mineira.

O lago das Pontes é un ecosistema de gran valor ecolóxico nacido de maneira espontánea tras a restauración da mina. Na actualidade conviven neste enclave de zonas húmidas, zonas de matogueira, áreas arboradas e pasteiros que serven de hábitat para máis de 200 especies animais e outras tantas vexetais, convertendo o lugar nun importante refuxio para a biodiversidade.

A senda conta ademais con diferentes servizos para facilitar a visita, entre eles áreas de descanso, papeleiras, mesas interpretativas e mesmo un observatorio de aves desde o que contemplar a riqueza natural da zona.

A senda foi inaugurada en xullo de 2017 dentro do proceso de recuperación ambiental despois do cesamento da actividade da mina ao descuberto. A intervención permitiu transformar unha inmensa cavidade mineira, que alcanzaba os 288 metros de profundidade e chegaba aos seis quilómetros de longo, no lago artificial máis grande de Europa.

O proxecto de restauración fora presentado pola compañía no ano 1983, aínda que o lago non sería inaugurado ata maio de 2012. Para encher o enorme oco utilizáronse arredor de 547 millóns de metros cúbicos de auga, procedentes principalmente do río Eume, ademais de augas superficiais, escorrentes e achegas da planta TEL. O proceso prolongouse durante máis de catro anos ata completar o enchido total da antiga explotación mineira.

Co paso do tempo, este espazo converteuse tamén nun importante punto de ocio e deporte. As condicións do lago favorecen a práctica de actividades náuticas como a vela, o *kaiak* ou o *windsurf*. Ademais, en 2017 instalouse na zona unha gran tirolesa de 200 metros de lonxitude e 10 metros de altura, considerada daquela a máis grande de Europa.

Outro dos principais atractivos do lugar é a praia artificial situada na zona máis próxima ao núcleo urbano. Cun deseño en forma de media lúa e unha extensión de 370 metros, combina áreas verdes e zonas de area elaboradas con máis de 90.000 toneladas de area lavada de canteira. A temperatura da auga, que se mantén arredor dos 22 graos durante boa parte do ano, converte esta praia nun dos puntos máis concorridos do verán.

A riqueza ambiental do lago fixo que a zona noroccidental fora declarada reserva ornitolóxica e espazo de observación de aves, atraendo cada ano a afeccionados á natureza e á fotografía.

En 2021, a senda ampliouse cun novo tramo de 1,5 quilómetros que conecta a entrada principal do lago co río Eume, permitindo ampliar o percorrido e descubrir novos recunchos da contorna.